

AGORA VOU CANTAR EU

b

ISBN

978-84-17802-72-1

DEPÓSITO LEGAL

C 617-2025

LIMIAR
POR
ROSARIO ÁLVAREZ

Presidenta
do Consello da Cultura Galega





Unha gloriosa compañía de vagalumes

Ano a ano, na primavera, a gran festa do 17 de maio dános ocasión feliz de renovar a confianza no pulo cultural do pobo galego, orgulloso da súa identidade e agradecido á xenerosa contribución dalgúns dos seus devanceiros e devanceiras, escolleitos para a homenaxe anual do Día da Letras Galegas **B** Así o facemos tamén neste ano 2025, no que se dá unha conxunción excepcional, pois, para o que foi declarado Ano Castelao en lembranza do 75.º aniversario do seu pasamento, a Real Academia Galega de Belas Artes escollera como figura homenaxeada a Isaac Díaz Pardo e a Real Academia Galega ás cantareiras, creadoras e transmisoras da poesía popular oral **B** Uns e outras unidos por seren forxa e baluarte da nosa identidade, por estaren arraigados no vigor inabala-
ble do colectivo, por creren na conciliación entre a tradición e a innovación, por representaren unha cultura galega que, ademais de espellar a de aquén e a de alén mar, está aberta ás culturas do mundo **B**

O Consello da Cultura Galega aplaude que a Real Academia Galega acordase situar no centro da homenaxe nacional do Día das Letras as mulleres creadoras e transmisoras da poesía popular cantada. Un acto de lembranza pública de que elas representan a fonte creadora e a canle de transmisión da poesía popular, a única que, século a século, trouxo a lírica en lingua galega, en corrente vizosa e continua, desde a noite dos tempos ata os días de hoxe; unha singularidade xa sinalada por outros ilustres devanceiros, coma o gran Martín Sarmiento, e que atopa homenaxe explícita na voz da meniña gaitreira, protagonista da obra auroral das letras galegas contemporáneas, *Cantares gallegos*.

A celebración de hogano ten características particulares que tamén a fan notable e que lle dan unha emoción especial. A selección das figuras homenaxeadas nas diversas xornadas celebratorias (das letras, das artes, da ciencia...) conclúe adoito no nomeamento de persoas singulares ben identificadas e con obra propia exhibible na súa materialidade, ben que polo xeral a través delas se lembre e homenaxee asemade unha época, un movemento, unha arte

etc ♡ Non é este o caso: os nomes citados na declaración académica, rescatados do futuro silenciamento que lles estaba destinado, son mostras da inmensa lexión de mulleres poetas e cantareiras obxecto de gabanza, a maior parte con nomes e biografías descoñecidos, todas sen obra compilada que lles poidamos atribuír como autoras ♡ Velaí a grandeza desta celebración do Día das Letras Galegas 2025 ♡

Por iso o libro que tes nas mans, aínda formando serie cos dedicados polo Consello da Cultura Galega á homenaxe pública do Día das Letras Galegas, ten características especiais, loitando contra o anonimato e o esquecemento ♡ A escolma realizada rescata os nomes e alcumes, a voz, o rostro, a localización xeográfica e cronolóxica das súas protagonistas, catorce cantareiras, espalladas polo territorio galegófono, nunha representación coral e abrangente da diversidade real, consonte o espírito da conmemoración académica ♡

É tamén o resultado dunha tarefa colectiva, a moitas mans, realizada ao longo do tempo, na que, a pesar da nosa vontade por consideralas e nomealas todas, sempre haberá persoas que

sigan quedando no anonimato do comunitario ♡
Vaia o noso agradecemento e homenaxe ás creadoras da letra e da música, e ás súas transmisoras; ás que percorreron os camiños, os rueiros, as cociñas e as palleiras para recoller e anotar este patrimonio inmaterial; ás que o disponibilizaron de diversas maneiras para a comunidade ou o cederon para ocasións coma a presente; ás que gardaron memoria, documentación, sons e imaxes con que documentar autoras e intérpretes; ás que se ocuparon da sistematización, estudo, divulgación e custodia do cancionero galego... ♡ Como presidenta, quixera transmitir un agradecemento especial a Beatriz Busto Miramontes, que aceptou actuar como editora e trasladar os resultados da súa pescuda á selección e ao estudo preliminar, e a Cestola na Cachola (Xoana Almar e Miguel Peralta) por ilustralo, poñendo rostro ás nosas cantadeiras a partir do material gráfico recadado; e a todas as persoas que nos cederon xenerosamente os materiais e ás que, desde o Consello da Cultura Galega, se ocuparon de conducir o proceso de elaboración da obra e de editala con todo primor ♡

Neste seu ano, Isaac Díaz Pardo celebrará sen dúbida con entusiasmo este clamor que, por toda a xeografía da lingua e afectos galegos, pon no centro da celebración as mulleres do pobo, as mesmas que el e Luís Seoane fixeron protagonistas da pintura e a cerámica ¶ Tamén Castelao estará a celebrar, orgullosamente, que neste Día das Letras Galegas do Ano Castelao os seus herdeiros esteamos a homenaxear unha parte substancial desa «moitedume infinda de luciñas» que segue a Santa Compañía dos inmortais, formada por «os seres innominados que ninguén recorda xa, e que, xuntos compoñen o *subtractum* insobornable da nosa Patria» ¶ Porque, continúa el na súa *Alba de gloria*, «esas ánimas sen nome son as que crearon o idioma, a cultura, as artes, os usos e costumes, o feito diferencial de Galiza» ¶

ESTUDO

↳

FILLOS DA CANTARUXEIRA
Apuntamentos arredor da música
e poesía populares



POR

BEATRIZ BUSTO MIRAMONTES

INTRODUCCIÓN

A publicación que aquí se presenta ten un obxectivo dobre. Por un lado, pretende ser unha homenaxe a aquelas mulleres da nosa oralidade poética e musical que no ano 2025 se conmemoran no Día das Letras Galegas: Prudencia e Asunción Garrido Ameixenda, Manuela Lema Villar (Mens, Malpica); Adolfina e Rosa Casás Rama (A Vila da Igrexa, Cerceda); e Eva Castiñeira Santos (Agranzón, Muxía). Por outro, e sobre todo, esa homenaxe trata de transcender ás mulleres nomeadas como representantes de todas as que foron creadoras e transmisoras dese valioso patrimonio coa intención de proporcionar unha imaxe o máis aproximada posible da diversa, rica e colectiva dimensión dese saber lírico e musical. Pártese, entón, de que ese recoñecemento debe ser estendido a todas aquelas mulleres que —coñezamos a través dos seus nomes propios ou non— cantaron, tocaron e bailaron; mantiveron así en circulación a nosa cultura popular e aseguraron a súa supervivencia colaborativa (Tsing 2023) coidando dela, para que outras poidamos cantar, tocar e bailar no presente e tamén continuar alicerzando a rede colectiva do futuro. Con esa intención do irradiado, do comunal e do colectivo, este traballo tenta representar, na medida do posible, a dimensión desa complexa rede creativa feminina que «somos» e que foi historicamente silenciada, invisibilizada e anonimizada, como todos aqueles saberes que foron considerados «cousa de mulleres» no marco do sistema de acumulación capitalista (Federici 2021).

Para o cumprimento desta dobre intención, a perspectiva dende a que se presenta este texto combina o traballo, a investigación e a recompilación de materiais previamente publicados ou de arquivo, especialmente daqueles que forman parte do fondo do *Cancioneiro popular galego* (en diante *CPG*; Schubarth / Santamarina 1984-1995) e unha análise reflexiva arredor da oralidade a partir dos postulados da etnomusicoloxía, dos estudos críticos aplicados ao patrimonio (Jiménez-Esquinas 2017) e das achegas epistemolóxicas do feminismo decolonial.

DOUS PÉS

Esta publicación estrutúrase en dúas partes que, conxuntamente co estudo que aquí se achega, tratan de representar a riqueza da produción oral, lírica e musical feminina dos diversos territorios da Galicia cultural. Cada unha delas tenta proporcionar, dende un lugar distinto, coñecemento arredor dese proceso colectivo de creación, así como do feito de que fose invisible ata hai apenas unhas décadas; este cambio produciuse grazas a un traballo que se foi tecendo, pouco a pouco, dende colectivos sociais, escolas de música tradicional, asociacións, agrupacións e coros, compiladores, filólogos, musicólogos, etnomusicólogos e, por suposto, grazas a pandeireteiras que se foron profesionalizando nos escenarios a partir dos anos 80 e 90 do século pasado e que xa sempre serán de todos e todas.

Mulleres *ilustradas*

A primeira das partes consta dun álbum de doce postais con ilustracións de mulleres informantes que consideramos que deben ser coñecidas na sociedade galega pola súa relevancia como cantareiras, sexa esta musical ou poética. Nas doce ilustracións, creadas por Xoana Almar e Miguel Peralta baixo o selo de Cestola na Cachola, represéntanse un total de catorce mulleres, cos seus nomes e apelidos, alcumes, datas e territorios, coa intención de que comecen a circular no común. Ademais, engádesse un caderno en que consta transcrito o texto dun cantar escollido para cada unha delas acompañado dun código QR a través do que se pode acceder á correspondente gravación musical (audio ou vídeo).

Catro das doce gravacións musicais que se recollen nesta publicación pertencen ao arquivo da CRTVG e están documentadas no programa *Alalá*. Son as das *jotas* de Rosa Garrido Casqueiro, *Rosa de Moscoso*, e de Felicidad Insuela Castro, *Felicia de Fofe*; a dunha breve copla de Josefa Juncal Barreiro, *Josefa de Bastavales*, e a dunha muiñeira cantada por Inés Rodríguez López, *Inés de Naipes* (que no momento da publicación deste texto aínda vive).

Outros tres rexistros corresponden a tres mulleres que foron informantes do *CPG* e forman parte da colección D. Schubarth-A. Santamarina, que está depositada no Arquivo Sonoro de Galicia do Consello da Cultura Galega. Son o da muiñeira cantada por Estrela García Caamaño, *Estrela do Marmito*; o do «Romance de Xan Guindán»,

interpretado por Delfina Trillo Vilela, *Dolfina de Añobres*, e o do «Romance de Dona Silvana», cantado por Josefa Pérez Cancio, *Josefa de Mongarillo*. No *CPG* non se recolleron os nomes e apelidos de cada unha das informantes que cantaron para Dorothé Schubarth, pero tanto Dolfina de Añobres, que finou en 2018, como Josefa de Mongarillo, que aínda vive¹, foron tamén informantes doutros e doutras compiladoras e investigadoras posteriores a Schubarth. Por tanto, no caso de ambas as dúas, foi nos fácil documentar os seus nomes, así como outra información relativa a elas. Máis complicado foi documentar a Estrela, unha cantora moi relevante do *CPG* que consta na nómina de informantes na citada obra simplemente como Estrela, do lugar de Regoelle, parroquia de Olveira, concello de Dumbría. Con esta información e varias consultas á veciñanza e no Rexistro Civil, sabemos que ela foi Estrela García Caamaño, da casa «do Marmito», nacida en Regoelle no ano 1921 e finada no mesmo lugar en 2001.

As cinco gravacións restantes son aquelas que foron seleccionadas entre os rexistros levados a cabo por compiladoras ou compiladores individuais ou independentes e que xenerosamente foron cedidas para esta publicación. De Luís Prego é a recollida da *jota* que cantan Áurea Adán Mosquera, *Áurea de Laxoso*, e veciñas súas; de Leni Pérez é a gravación do cantar de sega na voz de Concepción Luís Seoane, *Concha do Canizo* (que xa foi publicado por Feixoo en 2021); de Xerardo Fernández

1. Tamén vive Inés de Naipes, se ben ela non foi informante de Dorothé Schubarth para o *CPG*.

Santomé é a do canto de romeiros que interpreta Concepción Rodríguez Álvarez, *Concha de Luneda* (tamén publicado, por Fernández Santomé no ano 2022); de Xosé Lois Foxo (Álvarez Macía 2009) é a gravación da marabillosa voz de Ilda Álvarez Macía interpretando o canto narrativo «Rosiña do Estanqueiro»; por último, a muiñeira que cantan Orosia e Alsira Gil Ramos e Ólida Diz Ramos —as tres Pandeireteiras da Alén— recolleuse nun acto comunitario no local veciñal de Doade en 2011 e consta documentada na páxina web da Sección de Literatura de Tradición Oral da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega².

Así pois, as catorce mulleres que figuran nas ilustracións son:

Rosa de Moscoso

Jota

Áurea de Laxoso

Jota

Concha de Luneda

Canto de romeiros

Felicia de Fofe

Jota

2. Pódese consultar en:

<https://www.aelg.gal/Polafias/ShowVideoPolafia.do?id=484>

Josefa de Bastabales

Copla

Estrela do Marmito

Muiñeira

Dolfina de Añobres

Romance de Xan Guindán

Concha do Canizo

Cantar de sega

Pandeireteiras da Alén: Orosia, Alsira e Ólida

Muiñeira

Ilda Álvarez

Rosiña do Estanqueiro

Josefa de Mongarillo

Romance de Dona Silvana

Inés de Naipes

Muiñeira

Coa intención de indicar brevemente os criterios de selección terase en conta, en primeiro lugar, que probablemente nunca cheguemos a saber cantas mulleres (nin cales) merecerían estar aquí relacionadas. O que si sabemos é que tiveron que ser moitas máis das que coñecemos e que deberan estar mellor documentadas, rexistradas e

investigadas pois, estando repartidas por todo o territorio da Galicia cultural, posuían saberes poéticos e musicais de enorme relevancia para entender quen somos, tanto a nivel social como identitario, histórico, lingüístico, literario, musical etc. Mais, por desgraza, de todas as mulleres que cantaron, bailaron, tocaron, crearon e transmitiron sabemos dun número relativamente limitado delas. As que coñecemos son aquelas que foron rexistradas grazas á xenerosidade de persoas independentes, ao interese e rigor de homes e mulleres que recolleron, compilaron, coidaron e custodiaron as súas gravacións en formatos sonoros ou audiovisuais, dende as gravacións dos etnomusicólogos norteamericanos Alan Lomax e Jeanette Bell no ano 1952, ás que rexistrou o antropólogo Gustav Henningsen nos anos 60 do século xx (Groba / De la Ossa 2017), ao traballo de campo exhaustivo que a partir do ano 1979 desenvolveu Dorothé Schubarth e que posteriormente publicou no *CPG*, e as recollidas por unha infinidad de persoas afeccionadas a partir dos anos 80 e ata hoxe. Está claro entón que, daquelas das que sabemos, sabémolo por todos e todas.

Con todo, e a pesar de que foron moitas as persoas que rexistraron non só as músicas destas mulleres senón tamén os nomes e localizacións, o certo é que hai algúns lugares dos que, por ser etnografados, dispoñemos de bastante información e dos nomes de informantes relevantes e outros espazos dos que apenas sabemos algo.

De entre esas cantoras das que si sabemos, de entre as que si coñecemos, xorde a selección das catorce mulleres que se presentan neste traballo. Fíxose atendendo a

catro criterios: que fosen informantes recoñecidas como relevantes pola comunidade portadora; que entre todas elas estivesen representados de maneira equilibrada diversos puntos do territorio galego; que se puidese chegar a intuír, a través dos poucos cantos seleccionados, a gran diversidade e riqueza de xéneros —literarios e musicais— dos que dispoñemos na oralidade galega e, por último, que houbese cantareiras non só pandeireteiras senón tamén tocadoras de pandeiro ou adufe, de pandeira e doutras percusións de mans como é, por exemplo, a cabaza percutida con dedais, da que se acompañaba Felicia de Fofe cando cantaba, un instrumento sobre o que creaba textos específicos, coplas moi características do seu canto.

O corpus poético

[...] he observado que en Galicia las mugeres no solo son Poetisas, sino tambien Músicas naturales. Generalmente hablando, así en Castilla, como en Portugal, y en otras Provincias, los hombres son los que componen las coplas, é inventan los tonos, ó ayres; y así se vé que en este género de coplas populares, hablan los hombres con las mugeres, ó para amarlas, ó para satyrizarlas. En Galicia es al contrario. En la mayor parte de las coplas Gallegas, hablan las mugeres con los hombres; y es porque ellas son las que componen las coplas, sin artificio alguno; y ellas mismas inventan los tonos, ó ayres á que las han de cantar, sin tener idea del Arte Músico. (Sarmiento 1775: 238)

Xa apuntaba frei Martín Sarmiento en poucas liñas —hai xa case trescentos anos⁵— en *Memorias para la historia de la poesía y poetas españoles*, tres ideas clave que, a pesar da súa antigüidade, aínda hoxe non están plenamente integradas e vindicadas polo común da sociedade galega.

Para comezar, Sarmiento é dos primeiros en deixar sentenciado por escrito que aquilo que cantaba o pobo oralmente nas súas coplas era de valor poético e, por tanto, literario. Non se trata de cousa menor se se ten en conta que a oralidade popular non responde nin a un paradigma escritural nin tampouco a un paradigma autorial. A poesía popular oral non se escribe nin se asina (dúas das condicións básicas para o recoñecemento do valor literario aínda hoxe), mais iso non implica que non haxa un proceso de creación e composición individual, así como outro de recreación colectiva no que interveñen dinámicas que teñen que ver co préstamo cultural, coa solidariedade na composición das letras e coa improvisación creativa a partir de fórmulas relativamente pechadas pero flexibles, como pode ser o feito de que moitos primeiros versos das nosas coplas sexan fórmulas fixadas, repetidas e moi estendidas que a miúdo funcionan como unha presentación das ideas, pensamentos ou emocións que se queren enunciar nos tres versos restantes.

Do mesmo xeito, tamén foi o primeiro en ser consciente de que ese valor poético era algo que non se podía desligar dun fenómeno de creación e recreación musical. As

3. A publicación, póstuma, data do ano 1775 pero foi escrita por Sarmiento en 1745.

coplas son cantigas e as cantigas son para cantar. Agora sabemos que dentro destas cantigas para ser cantadas hai moitas tamén para ser bailadas. Significa isto que na oralidade galega a poesía, o canto, o toque e o baile forman parte dunha mesma actividade cultural: son un «feito cultural complexo» (Blanco 1998), aínda que non todo o repertorio musical oral e/ou poético galego teña a función do baile. Tanto as coplas como os romances e outros xéneros narrativos son cantados e, polo tanto, son patrimonio, tanto literario como musical, pero non todos son bailados.

Porén, e como xa apuntaba Domingo Blanco ao final da década dos 90 do século xx, entre as propias especialidades que se ocupan do estudo deste «saber» —a filoloxía e a musicoloxía— sempre houbo bastante desconexión:

A cantiga é, sen dúbida, unha das principais «víctimas» desta metodoloxía científica ou humanística, desta organización do saber compartimentado en «unidades» ou materiais máis ou menos homoxéneas ás que se lles concede —metodoloxicamente— unha autonomía da que carecen na súa realidade funcional. [...] Trátase pois, dun feito cultural de carácter complexo que, paradoxalmente, adoita ser estudado sen ter en conta este carácter de conxunto harmónico de elementos diversos, senón atendendo por separado ás diversas partes que o compoñen: a melodía e os instrumentos son obxecto dos estudos de Música; a letra estúdase no ámbito da Filoloxía como parte da Literatura. Moi raramente se ten estudado a cantiga como un todo funcional. (Blanco 1998: 142)

A filoloxía desenvolveu estudos arredor da literatura popular e o seu corpus poético dende un punto de vista literario, mais sen acabar de ter moi en conta que o que se estaba a analizar era música, como apunta o mesmo autor, porque a transcripción musical, a diferenza da transcripción textual, require de saberes teóricos especificamente musicais (Blanco 1998: 141-143). En canto á musicoloxía —especialmente a galega—, en primeiro lugar, sempre se interesou bastante pouco polas manifestacións musicais de tradición oral (nese sentido a filoloxía ten máis camiño andando) e, en segundo lugar, analizou o feito musical sen caer na conta de que o sentido musical da música de tradición oral está absolutamente ligado ao proceso de creación poética. Sarmiento xa era consciente disto no século XVIII.

O terceiro e último aspecto que evidencia a modernidade do pensamento do monxe bieito é que este xa apuntaba que aquilo era cousa de mulleres e que, ademais, non tiña nada que ver con «el Arte Músico» (facendo clara alusión non ao concepto de «arte» en canto á súa dimensión artística, senón á súa dimensión teórico-académica). Volvendo á cuestión do paradigma, Sarmiento enuncia por primeira vez que ese fenómeno non garda relación ningunha co proceso de creación da escolástica musical, nin tampouco —engado eu— co de composición literaria das elites académicas.

Servíndonos desas reflexións condensadas pero profundas de Sarmiento e na procura do cumprimento do obxectivo desta edición, a segunda das partes deste traballo contén unha selección poética para a que se utilizou

como única referencia documental o corpus anteriormente recollido e ordenado por Antón Santamarina no *CPG* (1984-1995), en coherencia cunha serie de criterios. A cantidade de coplas do *Cancioneiro* permite poñer de manifesto como os saberes poéticos e musicais formaban unha rede cultural nuclear da que participaban miles de mulleres; rede «subterránea» non recoñecida como saber particularmente específico, pero que funcionaba como se se tratase de raíces arbóreas estendéndose por todas as partes.

Se a intención que se perseguía era chegar a mostrar esa complexidade, riqueza e nuclearidade da rede viva e dinámica que foi o noso canto (e que oxalá o siga sendo), había que afastarse do paradigma da selección dunhas determinadas mulleres, fosen moitas ou fosen poucas. Non bastaba, entón, con facer un texto sobre as seis ou sete mulleres nomeadas no plenario da Real Academia Galega (RAG) nin tampouco coas catorce que seleccionamos para ilustrar a primeira parte, como xa se apuntou. Para iso servímonos do corpus recollido no *CPG*, pois é a publicación que contén máis nomes propios de mulleres, máis textos e máis melodías que calquera outro cancionero ou publicación anterior.

Non era posible, en todo caso, para esta breve edición facer unha escolma representativa de todos os xéneros literarios dos que dispoñemos nos cantares tradicionais recollidos nos seis libros de letras do *CPG*, xa que supoñen un volume de textos colosal que excedería moito a capacidade desta publicación. Polo tanto, houbo varios

criterios aplicados, que se expoñen seguidamente, para a selección do corpus proposto.

O primeiro e máis importante foi que só se recolleron textos do repertorio cantado e enunciado por mulleres que permitisen non só achegar un gran número de coplas senón tamén, sobre todo, un gran número de nomes de mulleres diferentes, espalladas por todo o territorio galego, para mostrar a enorme dimensión da rede «mitocondrial» que é a nosa oralidade. Por esa razón, á dereita de cada copla consta o nome da muller que a cantou para Schubarth. Verase que soamente constan nomes, sen apelidos, pois a musicóloga suíza non documentou os nomes completos dos e das informantes que cantaron para ela. Sabemos os de Josefa de Mongarillo, Dolfina de Añobres e Estrela do Marmito, polo que se explicou con anterioridade, mais do resto de mulleres que se recollen só dispoñemos do nome, da idade que tiñan no momento da gravación e do lugar, parroquia, concello e ano nos que se realizou o rexistro.

O segundo criterio que se aplicou foi que todos os textos respondesen ao xénero da copla. Isto non significa que sexa o único xénero literario dos nosos cantos, pois dispoñemos tamén dun amplo e rico corpus de romances e outros cantos narrativos. Ademais decidiuse considerar só coplas que estivesen íntegra ou maiormente cantadas en galego, polo que quedaron fóra as cantadas integramente en castelán.

Por último, o corpus debía atender a algunha selección de tipo temático pero os argumentos tratados nas nosas cantigas son tantos e tan diversos que escollemos unha

serie de incipits textuais que activasen tematicamente coplas que presentasen ás mulleres como creadoras e transmisoras de corpus musical e poético e a variabilidade que se dá baixo unha mesma copla (evitando aquelas coplas que non achegasen ningún aspecto novo con respecto ás anteriores). É dicir, recóllense as diferentes versións que figuran documentadas no *CPG* sobre unha mesma copla mais, en caso de seren repeticións case exactas das outras, non se documentan neste traballo e poden consultarse no *Cancioneiro*, así como no *TILG*⁴.

Ao mesmo tempo, as coplas recollidas están agrupadas pensando nas actividades musicais que se desenvolven nunha foliada —cantar, tocar e bailar—, mais tamén en como se desenvolve temporalmente esta. Escolleuse esta temática por considerarse a foliada (serán, ruada, polavila etc.) un dos principais e máis importantes espazos de enculturación e adquisición cultural directa deste patrimonio lírico-musical. A celebración comunal do baile en Galicia propiciou que, coa desculpa do baile, se transmitisen, herdasen, reproducisen, creasen, recreasen e chegasen ata nós tanto coplas como xeitos de tocar e puntos de baile. As foliadas, e aquelas que as alimentaron cantando para que a xente da comunidade puidese bailar —as mulleres—, foron as que posibilitaron que o pasado chegase a nós a pesar de ser oral, ao transmitirse dunhas ás outras. Hoxe, do mesmo xeito, volve ser o contexto socio-

4. O *Tesouro Informatizado da Lingua Galega (TILG)* é un proxecto dixital do Instituto da Lingua Galega que recolle un corpus de textos de máis de 3000 documentos. Pódese consultar en: <https://ilg.usc.es/TILG/>

cultural festivo o que posibilitará que no futuro as e os que veñan reciban de nós esta herdanza cultural.

Por iso as coplas que abren o corpus, baixo a seguinte estrutura, son as que activan o baile comunal e as últimas son as que o pechan, as que falan do cansazo, da chegada da noite, do desexo e da despedida:

Agora vou cantar eu

Vou toca-la pandeireta

Este pandeiro que toco

Aquela que anda no baile

Sei cantar, tocar, bailar

Esta foliadiña d'hoxe

Agora non canto máis

Déixame durmir un sono

Esta vai por despedida

MENS, CERCEDA E MUXÍA. POETAS ANALFABETAS

As seis mulleres seleccionadas pola RAG (sete coa inclusión de Teresa García, veciña de Mens) ás que se lles dedica o Día das Letras Galegas de 2025 —Eva Castiñeira, Teresa Lema, Prudencia Garrido, Adela Rey, Manuela Lema, Asunción Garrido, Rosa Casás e Adolfina Casás— foron labregas e, a maioría, tamén poetas analfabetas⁵.

Malia que esta poida resultar unha definición pouco amable, tenta ser todo o contrario: unha reivindicación, pois a capacidade creativa, a composición, a improvisación, o enxeño e o talento poético non son patrimonio único daquilo que se escribe, senón que tamén están presentes no ser humano, nas cousas que nada máis se pensan, se contan ou se cantan e que, na dimensión efémera do que só é temporal, aparecen e desaparecen en forma de melodías, de contos ou de poemas.

Considérase que a agrupación que popularmente coñecemos como «Pandereteiras de Mens» estivo formada, de xeito regular, por Prudencia Garrido Ameijende (1905-1993), Asunción Garrido Ameijende (1915-2007), Manuela Lema Villar (1913-1993), Adela Rey Torrado (1920-2016) e Teresa Lema Varela (1924-2019), e foi popularizada grazas á actividade musical da Agrupación Folklórica «Aturuxo» da Coruña, baixo a dirección artísti-

5. Bótase man do título do documental de Sonia Méndez arredor da figura de Luz Fandiño (Méndez 2021) —*A poeta analfabeta*— pois permite presentar reflexións arredor do proceso de creación do paradigma da oralidade.

ca de Manuel Cajaraville, entre as décadas dos anos 70 e 90 do século XX, principalmente no territorio galego pero tamén no exterior. Ademais, tres delas —Asunción, Manuela e Teresa— foron tamén informantes de Dorothé Schubarth, gravadas no ano 1980, e naquela altura tanto elas tres como as outras dúas xa desenvolvían unha actividade musical regular coa citada agrupación. Os rexistros de mellor calidade sonora que conservamos do seu repertorio, ata o día de hoxe, seguen a ser os da colección D. Schubarth-A. Santamarina.

A actividade folclórica da que formaron parte dende o ano 1973 as cinco tocadoras/cantadoras de Mens —que ás veces foron 6, ás veces 4 e ás veces 3 e 2 fillos— supuxo un notable impacto de representación nos modelos musicais e folclóricos que ata ese ano se reproducían nos escenarios galegos. Coa súa participación habitual con «Aturuxo» foi a primeira vez que en Galicia se normalizou a presenza dun grupo de mulleres pandeireteiras labregas sobre os palcos, o que inspirou e motivou un cambio de paradigma musical para toda unha xeración de músicos, folcloristas, bailadores e bailadoras, e compiladores e compiladoras, tanto polas súas implicacións estético-musicais como polas implicacións de xénero que motivou.

Debémolles ás de Mens e mais ás muxiás Eva Castiñeira Santos (Agranzón, 1926-A Coruña, 2010) e a súa irmá máis nova, Engracia, seren as primeiras tocadoras/cantadoras de palco naquela altura, pois á actividade regular das de Mens con «Aturuxo» sumáronse Eva e Engracia ao compartir escenario con Milladoiro, no ano

1981, na xira do disco *A Galicia de Maeloc*. Elas cinco foron practicamente as únicas mulleres da oralidade visibles nos escenarios galegos antes da eclosión das pandeireteiras «modernas» que se popularizaron a partir da actividade musical das agrupacións folclóricas galegas máis relevantes, xa entrada a década dos anos 80.

Adolfina Casás Rama (1912-2009) e Rosa Casás Rama (1914-2005), ambas as dúas da Vila da Igrexa, no concello de Cerceda, tía e sobriña respectivamente pero da mesma idade e criadas á par, igual que as outras homenaxeadas tamén foron labregas e, no seu caso, ademais xornaleiras, emigrantes, nais solteiras e fillas de solteiras. Ambas as dúas foron informantes do traballo de campo de Dorothé Schubarth para o *CPG* e rexistradas por ela en marzo do ano 1980. Así mesmo, Richi Casás reivindicou as súas figuras e tamén o repertorio musical que cantaron para a musicóloga suíza no proxecto editorial que el mesmo asina no libro-disco *Fuliada na Vila* (Casás 2020).

Partimos, logo, do entendemento de que sabemos algo delas, ou ben grazas á actividade musicolóxica de Dorothé Schubarth e a publicación do *CPG*, ou ben á actividade que algunhas delas (as de Mens e de Agranzón) desenvolveron no espazo público por influencia de figuras masculinas que lideraban proxectos musicais, ou ben á actividade profesional que hoxe en día realiza un músico profesional. A pregunta que emerxe ante isto é: poden as mulleres, sendo de condición humilde, analfabeta, labrega e outras condicións que imprimen opresión e subalteridade, representarse, visibilizarse ou enunciarse a si mesmas (Spivak 2009) e os seus saberes, ou, pola contra,

para que iso poida darse é necesario que o seu valor sexa enunciado por figuras que forman parte da estrutura do «saber/poder»? (Foucault 1978).

Tanto as testemuñas como os materiais de rexistro de investigacións e compilacións privadas que se reuniron dende as últimas décadas do século pasado ata hoxe, sumados á avultada nómina de informantes femininas do *CPG* (publicado pola Fundación Barrié nas mesmas décadas), apuntan indiscutiblemente ás mulleres como depositarias, herdeiras, creadoras e transmisoras de música e poesía a través da oralidade. Porén, tanto as características musicais, como a estética do canto, a performatividade dos seus corpos no baile e os instrumentos que se erixiron como identitarios da galeguidade estiveron ausentes da narrativa oficial do que había de ser entendido baixo a categoría de «música galega». A arquitectura cultural herdeira do canon estético, folclorizado e altamente estereotipado que impuxeran as estruturas do réxime franquista para referirse a Galicia continúa a impregnar políticas turísticas, subvencións, actos e visitas oficiais, inauguracións, mitins políticos e, o que é máis grave, tamén a ser o que tanto galegos como galegas consideran que é a nosa música-poesía de raíz, poñéndose de manifesto que o noso patrimonio cultural segue sendo, no común da sociedade galega, un gran descoñecido e que queda todo o traballo por facer (Busto Miramontes 2021b).

No contexto de representación eminentemente masculina durante os anos setenta, oitenta e noventa, as Pandereteiras de Mens ou Eva e Engracia supuxeron un notable impacto na consciencia de moitas persoas de con-

textos urbanos que, ao estar relacionadas co universo de folclore, se interesaron por aprender, comprender e recoller, e sentiron que debían rescatar do esquecemento eses saberes. Todas estas persoas, cos seus propios medios e sen apoio institucional, foron de enorme importancia no camiño colectivo que no futuro posibilitou a presenza de mulleres pandeireteiras nos escenarios, profesionais ou non. Non obstante, nese proceso de (re)conexión coa nosa poesía popular, co canto e co baile que aínda se conservaba nas aldeas, para que saíse delas e chegase ao ámbito público, ao escénico, foi necesario que varios homes do mundo urbano, directores artísticos de agrupacións ou bandas que xa entón desfrutaban dun capital simbólico recoñecido na comunidade folclórica, pousasen o seu ollar neses saberes, considerándose así os descubridores desas mulleres (Busto Miramontes 2021a). Este texto tamén pretende ser unha invitación a estar atentas e atentos á reprodución desa mirada dende un punto de vista xerárquico, pois aínda hoxe continúa a reproducirse, do mesmo xeito que tamén se observa como continúa a depositarse unha ollada romantizada sobre as mulleres do rural que pon de manifesto que aínda non superamos esa asociación entre a muller e o mundo do natural.

É tamén por iso que convén ter en conta que, sen deixar de ser certa esa relación do saber/poder que se deu e dá entre o rural/urbano, privado/público, feminino/masculino, non debe implicar necesariamente a consideración de que elas fosen vítimas de instrumentalización. Estableceuse unha sorte de alianza mutua pois, ao tempo que o universo do folclore as incorporaba á súa actividade

para competir por prestixio social e pola lexitimidade da representación do que se consideraba máis «puro» e «esencial» da galeguidade, elas recuperaban algo que formara parte da súa mocidade, do seu desfrute e do seu divertimento. Había tempo que no rural deixaran de producirse as celebracións comunais que posibilitaban ese ocio e para moitas mulleres incluso se pechara con anterioridade, pois miles delas deixaran de cantar, de tocar, de bailar e de ir de serán ou de foliada ao casar, porque esas portas estaban abertas a mulleres mozas pero eran prácticas censuradas para as casadas ou viúvas.

Foi a actividade folclórica urbana a que posibilitou, por un lado, que nas aldeas se retomasen algunhas foliadas co gallo das recollidas e, por outro, a cobertura que necesitaban para retomar nas súas vidas, tamén nos escenarios, algo que apenas facían nos seus contextos pero que no seu momento propiciara diversión e felicidade. Por iso, moi a pesar das *linguas marmuradoras* que na aldea continuaban a reprender ese comportamento alegre, máis aínda en mulleres de certa idade, para as Pandereteiras de Mens, por exemplo, o feito de que un home da Coruña que dispoñía de prestixio foi en parte o que posibilitou que se animasen a subir a palcos, ir de viaxe polos festivais folclóricos e inclusive viaxar á Arxentina para actuar.

Grazas ao interese por recoller, rexistrar e documentar, fose das agrupacións para montar os seus espectáculos folclóricos ou do persoal de investigación musicolóxica, filolóxica e/ou antropolóxica como Dorothé Schubarth e Antón Santamarina, Alan Lomax e Jeanette Bell ou Gustav Henningsen, hoxe dispoñemos das voces das de Mens, de

Adolfina e Rosa e de Eva. Das Pandereteiras de Mens conservamos rexistro grazas ás gravacións que lles realizou Schubarth —destacan as melodías I 54⁶ e I 33—, algunhas recollidas que fixeron persoas da agrupación «Aturuxo» e algún material televisivo tanto da TVG como de TVE (Busto Miramontes 2021a). De Adolfina e Rosa, os rexistros dos que dispoñemos son os que documentou Schubarth e ambas sobresaen pola cantidade de coplas, máis de cen, que cantaron baixo a melodía I 104w. De Eva temos documentados cinco cantos que foron gravados no álbum *Recolleita* (1981), da discográfica Ruada, que foi coordinado por Pablo Quintana e posible grazas á actividade de Rodrigo Romaní (membro fundador do grupo Milladoiro e integrante da discográfica).

É innegable que Prudencia, Asunción, Manuela, Adela, Teresa, Eva e Engracia foron as primeiras pandeireteiras en ter visibilidade no escenario cando aínda non existían formacións grupais de pandeireteiras. Non por iso se pode afirmar como causa única do cambio de paradigma as de Mens e de Agranzón, pero si é incuestionable que elas, nas décadas dos 70 e 80 do século xx, foron parte imprescindible dese cambio. Ao longo dos anos 80 todas as agrupacións folclóricas de referencia irían integrando pandeireteiras nas súas participacións musicais para acompañar o baile. O impacto —consciente ou inconsciente— destas

6. Decodificación aplicable a calquera referencia do *CPG*. Por exemplo, a referencia I 54 significa que se trata dunha melodía que se localiza no tomo de melodías do volume I, melodía n.º 54. Nesa referencia tamén é posible coñecer con que coplas poéticas se corresponde esa melodía, que poden ser consultadas nos tomos de textos.

mulleres xa dende a década dos setenta, mesturado coa crecente información e documentación que os directores de agrupacións ían recollendo das informantes no propio campo a partir dos anos oitenta, iniciou non só un proceso de viraxe estética cara ao mundo da pandeireteira no escenario, senón que tamén supuxo un cambio de paradigma. Esa mudanza foi a consciencia de que había un patrimonio poético e musical dentro da oralidade galega que se desatendera e que fora practicamente invisible ata entón. Comezouse a ver as mulleres e a ollar con interese que era aquilo das coplas populares e de tocar empuñado ou non empuñado, riscado ou non riscado, e que parte do repertorio estaba asociado só ao canto e á expresión poética ou tamén ao baile. Os anos 80 supuxeron o *boom* das recollidas, da documentación e do rexistro, e con el empezamos a entender que o verdadeiro patrimonio da lírica oral e musical galega estaba nas mulleres que sostiñan nas súas mans pandeiros e adufes, pandeiras, pandeiretas ou calquera outro elemento de percusión que lles permitise acompañar o canto con sentido rítmico para poder bailar, expresar, contar. O mundo do folclore, pouco a pouco, volveu a vista cara ás mulleres labregas para observar, aínda que fose dende unha perspectiva colonial, que nelas había «saber». A publicación do *Cancioneiro popular galego* de Dorothé Schubarth e Antón Santamarina supuxo a constatación máis absoluta, clara, metodolóxica e rigorosa de que isto era certo.

Hoxe, 40 anos despois, fica case todo por facer. As investigacións e publicacións que se desenvolveron e reconstruíron os relatos de vida de cantadoras e tamén os

traballos que desenterraron —no sentido máis arqueolóxico— os seus nomes, as súas voces, a súa poesía, os seus xeitos de tocar e bailar e as súas características musicais son tan poucos que non podemos escribir case nada. De feito, daquelas das que si sabemos, como é o caso de Eva e Engracia Castiñeira, tampouco podemos contar moito. Así pois, se algo se pon de manifesto neste ano 2025 co Día das Letras Galegas é que temos un déficit histórico de investigacións sobre poesía e música populares, de investimento (público e privado) en investigación e de interese colectivo polo noso patrimonio oral.

Oxalá que a dedicación deste 2025, lonxe de ser considerada como un punto e final dunha negación histórica, apunte a que só é o inicio do camiño da emenda; pois malia que o que sabemos o sabemos entre todas, apenas sabemos algo. Aínda que a dedicatoria servise unicamente para evidenciar isto e comezar a mudalo, xa serviría para algo.

Por último, debера tamén servir para reivindicar os seráns e as foliadas como alicerces de futuro, pois coidar das foliadas é coidar da posibilidade de que se reproduza a transmisión da música, da poesía, do baile e, por suposto, da lingua a través do lúdico, da diversión, da suor, da festa. Reivindiquemos e recuperemos o canto activo nas foliadas porque coidar do canto (e non só do baile) é coidar de que non se apague o «lume». Eran as mulleres as que aseguraban que ese lume festivo non se extinguiše, mantendo o canto, aquendándose entre elas, coidando —solidaria e autoorganizadamente— de que todas e todos puidesen bailar.

Todas elas preferían bailar pero todas elas cantaban, facéndose cargo de que bailar fose posible xa que sen canto non hai baile. E o canto é poesía e melodía feitas un.

Cantemos. Polo pasado que fomos, o presente que somos e o futuro que seremos: fillas e fillos da cantaruxeira.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ÁLVAREZ MACÍA, Ilda / Xosé Lois FOXO (comp.) (2009): *Cantares da Serra do Caurel*, Lugo, Sons Galiza.
- BHABHA, Homi K. (2013): *El lugar de la cultura*, Bos Aires, Manantial.
- BLANCO, Domingo (1992): *A poesía popular en Galicia 1745-1885. Recopilación, estudio e edición crítica*, 2 vols., Vigo, Edicións Xerais.
- BLANCO, Domingo (1998): «A literatura no canto popular», en Carlos Villanueva / Grupo Milladoiro (coords.), *Galicia fai dous mil anos. O feito diferencial galego. II Música*, Santiago de Compostela, Museo do Pobo Galego, 141-166.
- BUSTO MIRAMONTES, Beatriz (2021a): *Pandereteiras de Mens*, Santiago de Compostela, aCentral Folque.
- BUSTO MIRAMONTES, Beatriz (2021b): *Um país «a la gallega». Galiza no NO-DO franquista*, Santiago de Compostela, Através Editora.
- CASAL LOIS, José (2000): *Colección de cantares gallegos*. [Edición, introdución, notas e glosario de Domingo Blanco]. Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Museo de Pontevedra.
- CASAS, Richi (2020): *Fuliada na Vila*, Santiago de Compostela, aCentral Folque.
- CASTRO, Rosalía (1865): *Cantares gallegos*, Vigo, Establecemento Tipográfico de D. J. Compañel.
- DÍAZ, Pablo / Olga KIRK (2012): *Cancioneiro de Cabana de Bergantiños*, Cabana de Bergantiños (A Coruña), Concello de Cabana de Bergantiños.

- FEDERICI, Silvia (2021): *Brujas, caza de brujas y mujeres*, Madrid, Traficantes de Sueños.
- FEIXOO, Xulia (2021): *Concha do Canizo. Este pandeiro que toco...*, Santiago de Compostela, aCentral Folque.
- FERNÁNDEZ SANTOMÉ, Xerardo (2022): *Concha de Luneda. A vida nunha cantiga*, Vigo, Asociación Folclórica Gaiteiros da Xistra.
- FOUCAULT, Michel (1978): *Microfísica del poder*, Madrid, Las Ediciones de La Piqueta.
- GROBA, Xavier / Sergio de la OSSA (2017): *Gustav Henningsen. Gravacións musicais en Galiza 1964-1968*, Santiago de Compostela, aCentral Folque.
- JIMÉNEZ-ESQUINAS, Guadalupe (2017): «El patrimonio (también) es nuestro. Hacia una crítica patrimonial feminista», en Iñaki Arrieta Urtizberea (ed.), *El género en el patrimonio cultural*, Bilbao, Euskal Herriko Unibertsitateta.
- LISÓN TOLOSANA, Carmelo (2008): *De la estación del amor al diálogo con la muerte (en la Galicia profunda)*, Madrid, Akal.
- MÉNDEZ, Sonia (2021): *A poeta analfabeta*. [Documental]. Cósmica Produccións.
- ORTIZ GARCÍA, Carmen (2019): «Mujeres y folklore. Declinaciones posibles», en Alicia Torija López / Isabel Baquedano Beltrán (coords.), *Tejiendo pasado. Patrimonio cultural y profesión en género femenino*, Madrid, Comunidad de Madrid.
- PÉREZ BALLESTEROS, José (1886a, 1886b e 1886c): *Cancionero popular gallego y en particular de la pro-*

- vincia de La Coruña*, 3 tomos, Madrid, Est. Tip. de Ricardo Fé.
- SACO Y ARCE, Juan Antonio (1987): *Literatura popular de Galicia: Colección de coplas, villancicos, diálogos, romances, cuentos y refranes gallegos*. [Edición e estudo preliminar de Juan Luis Saco Cid]. Ourense, Deputación Provincial de Ourense.
- SAID, Edward W. (2013): *Orientalismo*, Barcelona, Debolsillo.
- SARMIENTO, Martín (1775): *Memorias para la historia de la poesía y poetas españoles*, Madrid, Joachin Ibarra Impresor de Camara de S.M.
- SCHUBARTH, Dorothé / SANTAMARINA, Antón (1984-1995): *Cancioneiro popular galego*. [Vol. I *Oficios e Labores*, 1984; Vol. II *Festas Anuais*, 1985; Vol. III *Romances Tradicionais*, 1987; Vol. IV e V *Romances novos, cantos narrativos, sucesos e coplas locais. Cantos dialogados*, 1988; Vol. VI *Cantos varios*, 1993, e Vol. VII. *Táboas Sinópticas, Índices*, 1995]. A Coruña, Fundación Barrié.
- SEGER, Charles (1958): «Prescriptive and Descriptive Music-Writing», *The Musical Quarterly*, 44:2, 184-195.
- SPIVAK, Gayatri Chakravorty (2009): *¿Pueden hablar los subalternos?* [Manuel Asensi Pérez, ed. e trad.]. Barcelona, Museu d'Art Contemporani de Barcelona.
- TSING, Anna Lowenhaupt (2023): *Los hongos del fin del mundo. Sobre la posibilidad de vida en las ruinas capitalistas*, Bos Aires, Caja Negra.

COPLAS

ᵇ

Os códigos que se presentan acompañando as coplas responden á mesma información que Dorothe Schubarth e Antón Santamarina utilizaron no *Cancioneiro popular galego*, mais terase en conta que os topónimos se recollen na súa versión actual aínda que na publicación orixinal, por ser dos anos 80, algúns non figuren normalizados.

Tanto as melodías como os textos poden ser consultados nos tomos publicados pola Fundación Barrié (1984-1995). De non constar código de melodía na información achegada, hase considerar que esta non foi transcrita por Schubarth, mais si se recolle a copla e sempre se considerará que si foi gravada (de aí que se achegue a referencia da letra, así como da cinta).

As gravacións musicais están referenciadas a partir do *Cancioneiro popular galego* e pódense escoitar no Arquivo Sonoro de Galicia do Consello da Cultura Galega, no que están depositadas as gravacións.

Inés, 62 anos: [Cantareira, idade no momento da gravación]

San Paio, Piñeiro, Maside, 1979: [Aldea, *Parroquia*, Concello, ano da gravación]

M: VI 65: [M: Melodía, n.º romano que indica o tomo de Melodías, n.º arábico que indica o n.º de melodía no dito tomo]

L: VI 84: [L: Letra, n.º romano que indica o tomo de Letras, n.º arábico que indica o n.º de letra no dito tomo]

Carballiño II, I, 415: [Código de arquivo da gravación desa informante cantando esa melodía]

AGORA VOU CANTAR EU

Ahora vou cantar eu
que xa hai que non cantei
vou mira-la miña gracia
si está como a deixei

Cantaruxa cantaruxa
filla da cantaruxeira
heiche de cantaruxar
|: anque túa nai non queira :|
ai la...

Hein de cantar hein de rire
hein de ser muller alegre
hein de manda-la tristesa
par'o demo que a leve

|: Canta miña gargantiña
miña gargantiñ'alegre :|
non vou pra sitio ningún
garganta que non te leve
ai la...

Salí mozos salí mozos
salí mozos a cantar
leve o demo tantos mozos
como nesta casa hai

[Canta compañeira canta]
|: compañeira canta ben*he* :|
tírame a cara d'emp^{he}ño
que non se ría ninguén*he*

Inés, 62 anos

San Paio, *Piñeiro*, Maside, 1979
M: VI 65, L: VI 84
Carballiño II, I, 415

María, 70 anos

A Casiña, *Arcos de Furcos*,
Cuntis, 1979
L: VI 86
A Estrada IV, 1, 610

Delfina e Elisa, 55 e 57 anos

Añobres, *Moraima*, Muxía, 1984
M: VI 121b, L: VI 88
Muxía V, 1, 173

Numesinda, 51 anos

Xunqueira de Espadanedo, 1980
M: I 163, L: VI 89
Castro Caldelas II, 1, 406

Carme e Anuncia, 63 e 63 anos

Ferreiras, *Noceda*, As Nogais, 1979
M: I 56, L: VI 92
Courel XVI, 1, 222

Manuela, 86 anos

Sofán, *Lira*, Carnota, 1981
M: VI 89, L: VI 94
Outes V, 1, 185

Canta compañeira canta
y alegre los corazones
que no digan que tenemos
pena por otros amores
olé olé...

Dorinda, 64 anos

Teixedo, *Pereda*,
Candín, 1980
M: VI 48, L: VI 95
Ancares II, 2, 94

Axúdame compañeira
ia face-la fuliada
porque si ti non m'axudas
eu sola non valgho nada

Delfina e Elisa, 48 e 52 anos

Añobres, *Moraima*, Muxía, 1979
M: IV 45, L: VI 102 e 103
Muxía I, 2, 123 e 402

|: Canta qu'eu che axudarein*he* :|
si non ch'axudo meniña
porque máis non poderein*he*

Quen me der'onha casada
pra m'axudar'a cantar
qu'as solteiras teñen gharbo
non me queren axudare
ai la...

Estrela, 64 anos

Regoelle, *Olveira*, Dumbría, 1980
M: VI 73, L: VI 105
Mazaricos VII, 2, 209

|: Canta miña prima canta
canta qu'axustamos ben :|
cuántas almas nos condenan
porque nos queremos ben

Carme e Anuncia, 55 e 63 anos

Ferreiras, *Noceda*, As Nogais, 1979
M: I 149, L: VI 107a
Courel, XVII, 1, 331

|: Esa que tenco a mi lado :|
cante mucho cante poco
canta moi ben arreghlado
ai la...

Delfina e Elisa, 48 e 52 anos

Añobres, *Moraima*, Muxía, 1979
M: VI 85a, L: VI 108
Muxía II, 1, 400

Rofina cantaba *benhe*
Delfina vaille seghindo
así fai a boa nena
que do amor se vai rindo

Esta miña gharghantiña
|: heina de mandar vender :|
heina de vender a ouro
a plata no puede ser

Canta ti que cantas *benhe*
que cantas mellor que *minhe*
tienes la garganta de oro
yo la tengo de marfile

Dádem'un vaso de viño
para limpa-la gharghanta
verés como canta a rula
verés com'a rula canta

Para cantar i bailar
nenas do xubón de luito
se queredes cantar ben
non abrai-la boca muito

[Si queredes cantar ben]
mociñas de luito luito
que queredes cantar ben
non abra-la boca moito

Delfina e Rosa, 68 e 64 anos
A Vila da Igrexa, Cerceda, 1980
M: I 104w, L: VI 109
Ordes V, 1, 52

Estrela, 77 anos
Seaia, Malpica, 1983
M: VI 52, L: VI 110
Ponteceso VII, 2, 466

Carme, 77 anos
Buciños, Carballedo, 1981
M: I 60b, L: VI 111
Chantada IV, 2, 6

Estrela, 77 anos
Seaia, Malpica, 1983
M: IV 109, L: VI 112a
Ponteceso VII, 2, 392

Mercedes, 57 anos
Bres, Taramundi, 1981
M: IV 110b, L: VI 115a
Taramundi II, 2, 285

María, 91 anos
Vilar, Carnota, 1981
M: I 104n, L: VI 115c
Outes XI, 1, 64

Anque estoy cantando aquíe
un año con dose meses
nunca me oirás cantare
una coplita dos veces

Anque me oias cantar
una semana y dos meses
no me oirás cantar
una cántiga dos veces

Anque m'óiches un ano
e por riba dose meses
nunca m'has d'ouír cantar
unha copla dúas veces

Se por cantar me pagharan
había de cantar ben*he*
pero como non me pa[gha]n
hei de cantar ó desdén*he*

|: Ahora emprincipio eue :|
nuestra Señora m'axude
|: a ma-los Santos do seu :|
ai la...

Eu cantar cantaba ben
gracia non tiña ningunha
ven acá meu queridiño
ven *iacá* déixam'algunha

Manuela, 86 anos

Sofán, *Lira*, Carnota, 1981

M: VI 89, L: VI 118b

Outes V, 1, 87

Carme e Anuncia, 63 e 63 anos

Ferreiras, *Noceda*, As Nogais, 1979

M: I 56, L: VI 118c

Courel XVI, 1, 404

Estrela, 64 anos

Regoelle, *Olveira*, Dumbría, 1979

M: IV 44e, L: VI 118f

Mazaricos III, 1, 453

Manuela, 86 anos

Sofán, *Lira*, Carnota, 1981

M: I 104v², L: VI 121a

Outes X, 1, 85

Delfina e Elisa, 53 e 57 anos

Añobres, *Moraima*, Muxía, 1984

M: I 111a, L: V 95 bis

Muxía V, 1, 14

María, 70 anos

A Casiña, *Arcos de Furcos*,

Cuntis, 1979

M: V 43, L: V 96

A Estrada III, 1, 38

Dícenme que canto mal
para min canto bastante
el que no me quier'oír
que siga par'adelante

|: Canta miña camarada :|
si non cantas de solteira
que facerás de casada

[Canta compañeira canta]
|: compañeira canta ben^{he} :|
tírame a cara d'empño
que non se ría ninguén^{he}

Ludivina, 68 anos
Sadrarín, *San Xurxo*,
Ribeira de Piquín, 1980
M: IV 85b, L: V 97
Meira XIV, 2, 590

Jesusa, 48 anos
A Paíza, *Numide*, Tordoia, 1978
M: V 58, L: V 99
Ordes II, 1, 60

Manuela, 86 anos
Sofán, *Lira*, Carnota, 1980
M: I 71, L: V 100
Outes V, 1, 185

VOU TOCA-LA PANDEIRETA

Aghora que me puxeron
a pandeireta na man^{he}
se me peta na cabeza
tocarei hasta mañán^{he}

Toca miña pandareta
qu'esta noit'heite rompere
estas son ar mazarocas
qu'eu eiquí veño fagher

Pandereta resalada
esta noit'heite toupar
estas son as mazarocas
qu'esta noit'hei de fiar

Por ti me marmura'l mundo
por ti m'ha de marmurare
|: porque toco a pandeireta
din que non sei traballare :|

|: Toca miña pandareta
que si non vout'a rachar :|
que me custáche-los cartos
|: axúdamos a ganar :|

|: Vou toca-la pandeireta :|
que m'ensinou miña nai
cando me sacou a teta

Delfina e Rosa, 68 e 64 anos
A Vila da Igrexa, Cerceda, 1980
M: I 104w, L: VI 207
Ordes V, 1, 45

Basilisa, 78 anos
Trarigo, *Carpazás*, Bande 1985
M: I 72, L: VI 209
Bande VII, 1, 249

Guillermina, 72 anos
Sordos, Bande 1981
M: I 75, L: VI 210
Bande III, 1, 279

Mercedes, 79 anos
Callobre, A Estrada, 1979
M: VI 105b, L: VI 211
A Estrada I, 2, 429

Benita, 71 anos
Pedrafigueira, *Santa Comba*,
Carnota, 1981
M: IV 141a, L: VI 213e
Outes VII, 1, 216

Rita, 76 anos
O Pindo, Carnota, 1981
M: I 88c, L: VI 217c
Outes X, 2, 235

A toca-la pandeireta
xa ghanei trinta raiás
aghora xa teño cartos
para comprar un rapaz

M.^a do Carme, 75 anos
Marantes, Santiago de
Compostela, 1981
M: VI 68a, L: VI 219
Santiago I, 1, 65

A toca-la pandereta
toca-la panderetiña
ghanei un pano de seda
que me dou miña madriña

Filomena, 84 anos
Forcarei, 1982
M: IV 30, L: VI 221a
Forcarei I, 2, 339

A toca-la pandeireta
ía maila pandeiretiña
ganei unhas saias novas
que mas dou miña madriña

Presentación, 78 anos
Sabrexo, Vila de Cruces, 1980
M: I 74a, L: VI 221b
As Cruces I, 1, 130

No tocar da pandeireta
vaiche moita picardía
|: se non fora por quen *éie*
maldita man lle poñía :|

Delfina e Rosa, 68 e 64 anos
A Vila da Igrexa, Cerceda, 1980
M: I 104w, L: VI 224
Ordes VI, 1, 174

Se me véis por ese lado
Pandeireta non me jodes
qu'eu ando atrás das mulleres
coma ti atrás dos homes

Estrela, 77 anos
Seaia, Malpica, 1983
L: VI 225
Ponteceso VIII, 1, 91

A miña pandaretiña
ten os aros de noghale
tócana *ía* miña porta
resona no Carballale

Basilisa, 78 anos
Trarigo, *Carpazás*, Bande, 1985
M: I 72, L: VI 227 e 228
Bande VII, 1, 252

A miña pandaretiña
ten uns aros de salgheiro
tócana *íá* miña porta
resona no Bidoeiro

Teñ'unha pandeiretiña
rodeada de botóns
na miña vida tal vin
ai que fato de pasmóns

Esta miña pandeireta
cinco raes me costou
pandeireta coma *íela*
en Parado no entrou

|: Pandareta de sanguño :|
tócana en Ribadavia
resona no Carballiño

Esclavitud, 83 anos

A Grela, *Parada*, Ordes, 1983

M: IV 90a, L: VI 229 e 231b

Ordes VIII, 2, 474 e 475

Carme, 67 anos

Fontenlo, *Codeseda*,

A Estrada, 1981

M: III 94, L: IV 577 bis²a

A Estrada VI, 2, 222

ESTE PANDEIRO QUE TOCO

|: Toc'o pandeiro María
axúdalle Manuela :|
no camiño me dixeron
qu'eras a flor da canela
ai la...

Toc'o pandeiro María
e axúdame Madalena
inda onte me dixeron
qu'era-la flor da canela

As miñas mans son de ouro
heinas de mandar dourare
saben toca-lo pandeiro
tamén saben traballar

As miñas mans son de prata
heinas de ter boas d'ourare
se ben tocan o pandeiro
millor saben traballar

Hein de colle-lo pandeiro
e botalo a rodar
estas son as mazarocas
que tu e eu hamos de fiar

Este pandeiro que toco
este que teño na man*he*
era da miña cuñada
da muller de meu irmán*he*

Numesinda, 51 anos
Xunqueira de Espadanedo, 1980
M: I 163, L: VI 187a
Castro Caldelas II, 2, 20

Serafina, 76 anos
Hermisende, 1981
M: VI 31, L: VI 187b
A Mezquita V, 2, 218

Estrela, 77 anos
Seaia, Malpica, 1983
M: VI 52, L: VI 189a
Ponteceso VII, 2, 460

María, 82 anos
Vilariño, *Chacín*, Mazaricos, 1979
M: I 68a, L: VI 189b
Mazaricos V, 1, 660

Laura, 50 anos
Meder, Salvaterra, 1980
L: VI 190a
Baixo Miño III, 2, 24

Delfina e Elisa, 46 e 52 anos
Añobres, *Moraima*, Muxía, 1979
M: IV 45, L: VI 193a
Muxía I, 2, 465

Este pandeiro qu'eu toco
non é meu qu'é de María
que mo deixou ont'á noite
cando viña da romería

O pandeiro é de amieiro
os aros son de zrexal
tres meninas o tocaban
na raia de Portugal

O pandeiro toca *benhe*
se lle apretan os cordeles
|: os rapaces non son homes
mentes non teñen mulleres :|

Este pandeiro que toco
ié de pelico de can
|: inda onte comeu caldo
ihoxe toca no serán :|
la ra la

Ese pandeiro que toca
é do coiro do castrón*he*
inda onte comeu herbas
hoxe toc'a un batallón*he*

|: Este pandeiro que toco
é de pelexo d'ovella :|
|: onte pacía no monte
hoxe toca que rabea :|

Asunción, 75 anos

Asalo, *Santiago de Mens*, Malpica 1983

M: I 54, L: VI 196c

Ponteceso III, 1, 123

Nemesia, 62 anos

A Mezquita, 1981

L: VI 197

A Mezquita VIII, 2, 95

Delfina e Rosa, 68 e 64 anos

A Vila da Igrexa, Cerceda, 1980

M: I 104w, L: VI 198

Ordes VI, 2, 112

**Yolinda, Primitiva e Rudesinda;
80, 21 e 65 anos**

A Carrasqueira, *Taboexa*, As Neves, 1980

L: VI 200

Baixo Miño I, 1, 414

Elvira, 60 anos

Olas, Mesía, 1979

L: VI 202

Ordes III, 2, 252

Filomena, 84 anos

Forcarei, 1982

M: I 96, L: VI 204f

Forcarei I, 2, 64

O pandeiro toca ben
as ferriñar danll'o son
|: as rapazas que o tocan
ai elar de Sorribas son :|

Este pandeiro que toco
é de pelexo de corzo
|: tócanol en Tericeira
i arresona'n Arandoxo :|

A pandeirada do Preiro
anque sea mal tocada
óiese desd'o Canizo
desd'a fonte da Rapada

Dous pandeiros a tocare
tres pandeiretas á vela
fale Polas a Vilar

Filomena, 84 anos

Forcarei, 1982

M: IV 96, L: IV 576a

Forcarei I, 2, 222

Dorinda, 64 anos

Teixedo, *Pereda*, Candín, 1980

M: IV 59, L: IV 577a

Ancares II, 1, 181

Pepita, 64 anos

A Mezquita, 1981

L: IV 577bis'

A Mezquita II, 1, 118

María, 95 anos

Vilar, Carnota, 1982

M: I 104n, L: IV 578

Outes XI, 1, 100

AQUELA QUE ANDA NO BAILE

Baila dreito baila dreito
furricallo da mastura
baila dreito baila dreito
non andes facendo a bulra
ai la...

Generosa, 80 anos

Vilanova, *Tortoreos*, As Neves, 1980

M: I 120, L: VI 247a

Baixo Miño I, 1, 28

Baila queridiño baila
ca me dá ghusto en te vere
|: o donairo do teu corpo
chegha ben pra te mantere :|

Basilisa, 78 anos

Trarigo, *Carpazás*, Bande, 1983

M: I Ap.4 bis, L: VI 248

Bande VII, 1, 259

Bailla na cunca e bailla no plato
porque non baillas aquí carrapato
la la...

Pilar, 70 anos

Leirado, Salvaterra, 1980

L: VI 249

Baixo Miño II, 1, 291

|: Baila se queres bailar :|
despois non vaias dicindo
que che non queren topare

Generosa, 40 anos

Leduzo*, *Cerqueda*, Malpica, 1980

M: I 104gg, L: VI 251a

Ponteceso VI, 2, 15

|: Salí todos a bailar :|
|: despois non vaias dicindo
que non vos queren tocar :|

Dosinda, 48 anos

Castrelo, *Colúns*, Mazaricos, 1979

M: I 58c, L: VI 251b

Mazaricos IV, 1, 321

* No *CPG*, Leduzo figura como lugar da parroquia de *Pazos*, no concello de Ponteceso.

Ai |: entrai ó baile bailare :|
cham'a quen che parecer
a min déixame quedare
ai la...

|: Aquela qu'anda no baile
miña prima debe ser :|
todo lo tiene valido
y lo tiene que valer

Aquela que anda no baile
parece ser miña prima
ten a cariña ben feita
i a cintura delgadiña

A señora desta casa
ié bonit'e baila *benhe*
|: é filla dunha viúda
mira que donairo *tenhe* :|

Ai aquil que anda no baile
ten o bailar moi agudo
|: inda el vai a bailar
na punta dun estadullo :|

Os mociños do Ribeiro
caramba que bailan ben
|: dan unha volta no aire
i outra polo aire vén :|

Mercedes, 79 anos

Callobre, A Estrada, 1979

M: IV 85, L: VI 252

A Estrada I, 1, 160

Carme e Anuncia, 53 e 63 anos

Ferreiras, *Noceda*, As Nogais, 1979

M: I 149, L: VI 258

Courel XVII, 1, 323

Carme, 77 anos

Buciños, Carballedo, 1981

M: I 60b, L: VI 259

Chantada IV, 2, 229

Mercedes, 79 anos

Callobre, A Estrada, 1979

M: VI 104, L: VI 260

A Estrada II, 1, 455

Carme, 87 anos

Sarreaus, Bande, 1981

M: I 72, L: VI 261

Bande IV, 2, 388

Basilisa, 78 anos

Trarigo, *Carpazás*, Bande, 1983

M: I 72, L: VI 262

Bande VII, 1, 239

Eses dous que andan no baile
caramba que bailan ben
ela parez'unha rosa
i el parez'un caravel

Oliva, 49 anos

Sabrexo, Vila de Cruces, 1980

L: VI 263a

As Cruces I, 2, 31

Aqueles que bailan diante
carallo que bailan ben
|: ela parece unha rosa
el parece un caravel :|

Delfina e Rosa, 68 e 64 anos

A Vila da Igrexa, Cerceda, 1980

M: I 104w, L: VI 263b

Ordes V, 1, 432

Aqueles que andan no baile
caramba que bailan ben*he*
el parez'o cu do pote
e el'o rabo da sartén*he*

Presentación, 78 anos

Sabrexo, Vila de Cruces, 1980

M: I 74a, L: VI 264

As Cruces I, 1, 83

Que ben baila que ben baila
ese mozo d'onde é
que ben baila que ben baila
baila na punta do pé

Felisa, 49 anos

Pereira, *Corvelle*, Bande, 1981

M: I 72c, L: VI 266

Bande IV, 1, 387

Que ben bailan que ben bailan
mira que ben se pineiran
|: que ben bailan que ben bailan :|
ar mociñar de Xunqueira
ai la...

Dolores, 84 anos

Xunqueira de Espadanedo, 1980

M: IV 168, L: VI 267

Castro Caldelas III, 1, 20

|: Eles bailar bailan ben*he* :|
ban'á nai que os parío
a mais ó pai que os ten*he*
ai la...

Delfina e Elisa, 48 e 52 anos

Añobres, *Moraima*, Muxía, 1979

M: VI 85a, L: VI 268

Muxía II, 1, 387

Aquile que anda baillando
traí un romendo no cue
quen cho botou prighizán
quen cho botou senón tue

Aquile qu'anda no baile
traí un remendo no cue
quen cho botou peneireiro
quen cho botou senón tue

Aquela qu'anda no baile
traí un remendo no cu
que llo roeron os ratos
pensando qu'era pan crudo

|: Aquela qu'anda no baile
vestedita de zaraza :|
Dios me diera a saber
quien la servía en su casa

Que ben baila que ben baila
o da chaquetiña longa
moito millor bailarí
si a trouguera redonda

Unha volta polo medio
outra polo darredore
así fai o que ben baila
así fai o bailador

Basilisa, 78 anos

Trarigo, *Carpazás*, Bande, 1983

M: I 72, L: VI 270a

Bande VII, 2, 201

Jesusa e Benita, 68 e 74 anos

A Santa Cruz, *Grou*, Lobeira, 1980

M: VI 79h, L: VI 270b

Bande II, 1, 115

Guillermina, 72 anos

Sordos, Bande, 1983

M: I 75, L: VI 271a

Bande III, 1, 286

Carme e Anuncia, 55 e 63 anos

Ferreiras, *Noceda*, As Nogais, 1979

M: I 149, L: VI 273

Courel XVII, 1, 327

Dolores, 84 anos

Xunqueira de Espadanedo, 1980

M: IV 168, L: VI 276b

Castro Caldelas III, 1, 177

Carmelita, 52 anos

O Arroio, *Parada*, Ordes, 1980

M: VI 59a, L: VI 277a

Ordes IX, 1, 418

Unha volta polo lado
outra polo darredor
así fai o que ben baila
así fai o bailador
ai la...

|: Anden roda darredor :|
|: así fai o que ben baila
ai así fai o bailador :|

|: Dá a volta por o lado
i outra polo arredor:|
así fai o que ben baila
i así fai o bailador
la la...

Bailador que andas bailando
non póña-lo pé na punta
o cura na confesión*he*
por eso non che perghunta

|: Manea ben esas patas :|
parese que vas vendendo
siridueñas con patatas

Pelegrina, 83 anos
Roo, Outes, 1979
M: I 104kk, L: VI 277c
Outes II, 2, 633

Filomena, 84 anos
Forcarei, 1982
M: IV 96, L: VI 277e
Forcarei I, 1, 340

Numesinda, 51 anos
Xunqueira de Espadanedo, 1980
M: I 163, L: VI 277g
Castro Caldelas II, 1, 393

Delfina e Rosa, 68 e 64 anos
A Vila da Igrexa, Cerceda, 1980
M: I 104w, L: VI 278
Ordes V, 1, 70

Estrela, 64 anos
Regoelle, *Olveira*, Dumbría, 1979
M: IV 44e, L: VI 279
Mazaricos, III, 1, 467

Vai de rama en rama
vai de flor en flor
e vai pola beira
un bo bailador
un bo bailador
un bo bailador
vai de rama en rama
vai de flor en flor

Baila mozo baila mozo
baila que podes bailare :|
|: que bailas ca millor moza :|
qu'había niste lugar

|: Baila Maruxiña baila
baila ca podes bailare :|
|: ca levach'o mellor mozo
qu'había niste lugar :|

Baila coela baila coela
e faill'o punto co pé
anque che baile moi pouco
ela para ti non é

Ve-lo meu corpo ben feito
levas unha bailadora
buscástela ó teu xeito

Delfina e Rosa, 68 e 64 anos
A Vila da Igrexa, Cerceda, 1980
M: VI 154, L: VI 280
Ordes V, 2, 62

Sarita, 67 anos
A Tolda, *Aguada*, Carballedo, 1981
M: I 99, L: VI 282a
Chantada V, 2, 89

Jesusa e Benita, 68 e 74 anos
A Santa Cruz, *Grou*, Lobeira, 1980
M: VI 79h, L: VI 282d
Bande II, 1, 154

Carme, 77 anos
Buciños, Carballedo, 1981
M: I 60b, L: VI 285
Chantada IV, 2, 224

Delfina e Elisa, 48 e 52 anos
Añobres, *Moraima*, Muxía, 1979
L: VI 286
Muxía III, 1, 690

|: Baila ben e quita puntos :|
queira Dios d'hoxe nun ano
que faghás a cama xuntos

Mais agora bailas ti
mais agora bailo eu
mais agora tamén baila
Chimbarau e mais Mateu

Señores qu'andan bailando
baile ben e bote fóra
ca tamén queren bailar
or mozos qu'están de roda

Nunca fun a romaría
que viñera sin bailar
nunca vin esta-los mozos
coma burros a mirar

Presentación, 78 anos

Sabrezo, Vila de Cruces, 1980

M: I 74a L: VI 288b

As Cruces I, 1, 18

Carme, 67 anos

Fontenlo, *Codeseda*, A Estrada, 1981

M: III 94, L: VI 290

A Estrada VI, 1, 275

Basilisa, 78 anos

Trarigo, *Carpazás*, Bande, 1983

M: I Ap. 41 bis, L: VI 299b

Bande VII, 1, 265

**Victorina, Manuela e Dominga,
56, 49 e 50 anos**

Vilar, *San Mamede*, Carnota, 1981

L: VI 301

Outes VI, 2, 62

SEI CANTAR, TOCAR, BAILAR

Cantai nenas e bailai
i alegrai o mundo todo
ca quen nin canta nin baila
anda morrendo de sono

Cantai e bailai meniñas
alegrai o mundo todo
o que non canta nin baila
está morrendo co sono

Cantai e bailai meniñas
e alegrai o mundo todo
que o que está na borralleira
está caendo co sono

Cantai nenas e bailai
i abalai o carruqueiro
qu'a que nin canta nin baila
éche a que o dá primeiro

Cantai e bailai mociñas
e deixar falar a xente
qu'o tempo da mocidade
non vos ha de durar sempre

Mosos cantá ie bailá
adevertivos coa xente
qu'o tempo da mocedá
non vos ha de durar sempre

María, 71 anos

Cerdeira, *Santo André de Logares*,
A Fonsagrada, 1989
M: V 28, L: VI 324a
A Fonsagrada VI, 2, 154

Dolores, 84 anos

Xunqueira de Espadanedo, 1980
M: IV 168, L: VI 324b e 325
Castro Caldelas III, 1, 195

María, 71 anos

Cerdeira, *Santo André de Logares*,
A Fonsagrada, 1980
M: V 28, L: VI 326
A Fonsagrada VI, 2, 151

Dolores, 84 anos

Xunqueira de Espadanedo, 1980
M: IV 168, L: VI 328a
Castro Caldelas III, 1, 198

María, 91 anos

Vilar, Carnota, 1981
M: I 104n, L: VI 328b
Outes IX, 1, 247

|: Cantai i aleghrai a xente :|
o tempo da mosedá
non vos ha *ia* durar sempre
ai la la...

|: O cantar vén por herencia
i o bailar por aprender :|
é *iun* reghalo da vida
tódalas cousas saber

Pa cantar hai que ter gracia
pa bailar hai que aprender
nos qu'andamos polo mundo
todo nos cómpre saber

Sei cantar e sei bailar
tamén sei pintar o mono
como son filla de probe
cómpreme saber de todo
ai la...

|: Pra cantar e bailar ben
meniña Dios te criou :|
e pra rezar o rosario
tamén ninguén che ganou
la la...

Victoria, Manuela, Dominga,
56, 49 e 50 anos
Vilar, *San Mamede*, Carnota, 1981
M: I 91, L: VI 328c
Outes VI, 2, 250

Pilar, 70 anos
Leirado, Salvaterra, 1980
M: I 96, L: VI 329a
Baixo Miño I, 2, 372

Flérida, 55 anos
A Esgueva, *Roadé*, Sobrado, 1980
M: I 105g^s, L: VI 329c
Sobrado I, 2, 228

Numesinda, 51 anos
Xunqueira de Espadanedo, 1980
M: I 163, L: VI 332a e 333
Castro Caldelas II, 1, 398 e 402

Tod'o mundo s'ademira
deste meu pouco saber
nincún saliu'nsinado
eu tamén hei d'aprender

Para cantar e bailare
mociña xa tes con quen
para rezar el rosario
no hay quien te tenga fe

Para cantar doim'un dente
para bailar unha perna
para falar coas nenas
nin me doi dente nin perna

Sei cantar e sei bailar
sei toca-la pandereta
i o que se case comigo
leva múseca completa

Sei tocar e sei bailar
sei toca-la pandereta
|: tamén sei face-la risa :|
ai de quen me fai a puñeta

Sei cantar e sei bailar
sei toca-la pandeireta
tamén sei face-la maula
a quen m'a min dá *ia* peta

Estrela, 64 anos

Regoelle, *Olveira*, Dumbría, 1979

M: IV 91b e I 104z², L: VI 330

Mazaricos II, 1, 274

Generosa, 80 anos

Quinta do Monte, *Roca*, Esgos, 1980

M: I 137, L: VI 334

Castro Caldelas II, 1, 348

Concepción, 52 anos

Queis, *Santa Cruz de Montaos*,

Ordes, 1979

M: VI 127, L: VI 336

Ordes I, 1, 60

María, 71 anos

Cerdeira, *Santo André de Logares*,

A Fonsagrada, 1980

M: V 28, L: VI 338a

A Fonsagrada VI, 2, 218

Filomena, 84 anos

Forcarei, 1982

M: IV 96, L: VI 339a

Forcarei I, 2, 184

Estrela, 77 anos

Seaia, Malpica, 1983

L: VI 339b

Ponteceso VIII, 1, 164

O pandeiro toca ben
porque as ferreñas son novas
o ghuapo qu'anda bailando
toca ben as castañas

Sale mociño do traxe lixeiro
se conmigo tu queres bailar
toca pandeiro unha moliñeira
que conmigo quería bailar

Tocade esa pandereta
dádell'un golpe no medio
pra que salgan a bailar
ios que están de parrafeio

Tocade esa pandereta
dádell'un golpe na beira
pra que salgan a bailar
os mociños da ribeira

E chascarraschás
e chascarraschás
e baila rapaz
que ben me sacudo
de caste me vén
de caste me vén
de ser caralludo

Jesusa, 48 anos

A Paínza, *Numide*, Tordoia, 1979

M: IV 50d, L: VI 340b

Ordes II, 1, 30

Felisa, 67 anos

Celavente, O Bolo, 1981

M: VI 169, L: VI 341

Viana V, 1, 77

Carme, 77 anos

Buciños, Carballedo, 1981

M: VI 49b, L: VI 342 e 343

Chantada IV, 1, 207

Virtudes, 63 anos

A Casiña, *Arcos de Furcos*,

Cuntis, 1979

L: VI 345

A Estrada II, 1, 389

|: Baila ben e dál'o son :|
que te podes abalar
bailas cun de pantalón

M.^a do Carme, 75 anos
Morantes, Santiago de
Compostela, 1981
M: I 87, L: VI 346
Santiago I, 1, 252

|: Baila astra demiñán :|
ó tocador de pandeiro
non ll'ha de cansa-la man

**Victorina, Manuela e Dominga,
56, 49 e 50 anos**
Vilar, *San Mamede*, Carnota, 1981
L: VI 347
Outes VI, 2, 145

Para bailar veño eue
para cantar meu irmaue
|: para toca-lo pandeiro
viva quen o ten na manhe :|

María, 48 anos
O Arroio, *Parada*, Ordes, 1980
M: I 72e, L: VI 350b
Ordes VIII, 2, 154

Canta Maruxiña canta
canta que ch'hein de tocar
que bailas ca mellor moza
que se criou no lughar
ai la...

Carme e Anuncia, 55 e 63 anos
Ferreira, *Noceda*, As Nogais, 1979
M: I 149, L: VI 351
Courel XVII, 1, 308

ESTA FOLIADIÑA D'HOXE

Entra ío baile morena
entra ío baile salada
entra ío baile morena
ia fase-la foliada

Entrar a bailar bailando
entrar a bailar ahora
|: entrar a bailar bailando
ai a fuliada vai boa :|

Se queres ir vai bailar
se queres ir vai't'ahora
despois non vaias decindo
que a fuliada n' é boa

Vamos cantando e ruando
vámolo pasando ben
qu'unque nós debamos algo
non nos deb'a nós ninguién

|: Inda agora reparei
quen andaba no turreiro :|
|: and'o caravel i a rosa :|
and'o ramalliño enteiro

|: Hai ruada no pallote :|
moi ben ll'está o bailare
ós mociños de bighote

Delfina e Rosa, 68 e 64 anos

A Vila da Igrexa, Cerceda, 1980

M: I 104w, L: VI 55

Ordes VI, 2, 167

Filomena, 84 anos

Forcarei, 1982

M: IV 96, L: VI 56

Forcarei I, 1, 286

Concepción, 52 anos

Queis, *Santa Cruz de Montaos*,

Ordes, 1979

M: I 58b, L: VI 57

Ordes I, 1, 400

Estrela, 77 anos

Seaia, Malpica, 1983

L: VI 59a

Ponteceso VIII, 1, 37

Sarita, 67 anos

A Tolda, *Aguada*, Carballedo, 1981

M: I 99, L: VI 60

Chantada V, 1, 400

Jesusa, 48 anos

A Paínza, *Numide*, Tordoia, 1979

M: I 73, L: VI 62

Ordes II, 2, 309

Hai fouliada que racha
hai pandeiros hai ferreñas
hai castañolas de prata

Ai esta ruadiña d'hoxe
mañán ha de ser sonada
|: eso que seia que non
a min non se me dá nada :|

A vai de coñiña
a vai de coñá
a vai de coñiña
a noite toda
a noite toda
a vai de coñiña
a vai de coñá

Aí vai de coñiña
aí vai de coñá
aí vai de coñiña
a noite toda
a noite toda
o día tamén
aí vai de coñiña
aí vai a mais ben

Boudaña e Pituca, 50 e 50 anos
Bendimón, *Roo*, Outes, 1980
M: I 111, L: VI 64a
Outes IV, 1, 454

Mercedes, 79 anos
Callobre, A Estrada, 1979
M: IV 85, L: VI 65a
A Estrada I, 1, 204

Defina e Elisa, 48 e 52 anos
Añobres, *Moraima*, Muxía, 1979
M: I 103a², L: VI 66b
Muxía I, 2, 310

Jesusa, 48 anos
A Paínza, *Numide*, Tordoia, 1979
M: V 58, L: VI 66c
Ordes II, 1, 35

Hei d'arruar esta noite
hei d'arruar e mais ben
|: hei d'arruar esta noite
e mais a outra que vén :|

Esta noit'hei d'ir á rúa
majo non me reñerás
mañá se Dios quer hai outra
eu irei tu quedarás

|: A fouliada de tres :|
unha non canta nin baila
outra tá coxa de vese

Sentaivos mozos sentaivos
nises bancos d'arredore
non estéades mirando
cual mociña é *ia* mellore

|: O que non canta nin baila
qué vai buscar á ruada :|
vai ter man do paredón
vai ter man de que non caia

Io que non canta nin bailla
qué vén facer ó serán
vén oír catro mentiras
para ir contar mañán

María, 58 anos

Carnota, 1981

L: VI 68

Outes IX, 1, 178

Carme, 65 anos

Outariz, *Santalla*, Ribeira de
Piquín, 1980

M: I 10e, L: VI 69

Meira VII, 2, 213

María, 91 anos

Vilar, Carnota, 1981

M: I 104n, L: VI 72a

Outes IX, 2, 5

Basilisa, 78 anos

Trarigo, *Carpazás*, Bande, 1985

M: I Ap. 41bis, L: VI 73

Bande VII, 1, 234

Virtudes, 64 anos

A Casiña, *Arcos de Furcos*, Cuntis, 1980

M: IV 85 e 79i, L: VI 75a

A Estrada V, 1, 330

Laura, 50 anos

Meder, Salvaterra, 1980

L: VI 75b

Baixo Miño III, 2, 107

O que non canta nin baila
qué vai facer á ruada
deprender cuatro mentiras
para contar na semana

[No inferno hai unha festa]
que a fan ós cundenados
o demo toc'o pandeiro
cos dentes arraghañados

|: A rúa van arruando :|
a rúa meu queridiño
a rúa vais'acabando

Eu hei d'ir ó fiadeiro
non levo fuso nin roca
vou pra toca-lo pandeiro
qu'esta noite a mí me toca

Vinde mozos vinde mozos
ó serán das poucas mozas
han de vos da-las castañas
aunque non comades outras

Esta noite fun á rolda
ca miña variña branca
o que ghasho de zapatos
heino d'aforrar de manta

Jesusa, 48 anos

A Paínza, *Numide*, Tordoia, 1979

M: I 73, L: VI 75c

Ordes II, 2, 306

Rita, 76 anos

O Pindo, Carnota 1980

M: I 88c, L: VI 77b

Outes X, 2, 222

Virtudes, 64 anos

A Casiña, *Arcos de Furcos*, Cuntis, 1980

M: IV 85, L: VI 79

A Estrada V, 1, 55

Felisa, 49 anos

Pereira, *Corvelle*, Bande, 1981

M: I 72c, L: I 172a

Bande IV, 2, 158

Generosa, 80 anos

Vilanova, *Tortoreos*, As Neves, 1980

M: I 120, L: I 175

Baixo Miño I, 1, 146

Asunción, 84 anos

Escourido, *Covas*, Viveiro, 1981

M: I 115a, L: I 177

Viveiro VII, 1, 348

Fun ó serán a Leirado
dei volta por Tortoreiños
se non foran os cariños
non se daban os paseios

Eí veñen eí veñen
eí veñen eí van
as mozas d'aquí
que van ó serán
que van ó serán
que van ó serán
eí veñen eí veñen
eí veñen eí van

Esta noite hai unha fía
tamén hai unha espadela
bótam'o caldo mi madre
que esta noite quero ir a ela

Eu quedei de vir e viñen
ai meniñas ó fiadeiro
eu quedei de vir e viñen
ai eu non son farandoleiro

Á porta do fiadeiro
hai unha pedra redonda
donde se sentan os mozos
cuando vienen de la ronda

Pilar, 70 anos

Leirado, Salvaterra, 1980

M: I 96b e cf. I 60a³, L: I 173 e 174

Baixo Miño I, 2, 332 e 465

Modesta, 55 anos

Cerdedelo, Laza, 1981

M: I 121a, L: I 178a

Campobecerras III, 2, 350

Concha, 69 anos

San Vicente da Grade, Chantada, 1980

M: I 24a, L: I 181

Chantada I, 2, 281

Jesusa e Benita, 68 e 74 anos

A Santa Cruz, *Grou*, Lobeira, 1980

M: I 63, L: I 182a

Bande II, 1, 260

Na festa do fiadeiro
hai unha pedra redonda
pra se sentaren los mozos
cuando vienen de la ronda

En el medio deste pueblo
hay una piedra redonda
para se senta-los mozos
cuando vienen de la ronda

Iá porta do fiadeiro
hai unha tranca no chao
donde s'arriman os mozos
cuando a moza dá a mao
ai la la...

Á porta do fiadeiro
hai unha tranca no chao
onde se sentan os mozos
rañando no chirimbao

|: Á porta deste serán
hai un buraco no chan :|
as mozas que caien nel
ó reino de Dios non van

Á porta do fiadeiro
hai unha tranca no chao
Maruxiña caiu nela
i o Antonio deull'a mao

Guillermina, 72 anos

Sordos, Bande, 1981

M: I 75, L: I 182b

Bande III, 1, 273

Maruxa, 45 anos

As Carreiras, *Parada de Ventosa*,

Muñíos, 1980

M: I 104s, L: I 182d

Bande II, 1, 359

Amalia, 65 anos

Sarreaus, Bande, 1981

M: I 72, L: I 185

Bande IV, 2, 231

Felisa, 49 anos

Pereiro, *Corvelle*, Bande, 1981

M: I 72c, L: I 184

Bande IV, 1, 411

Pilar, 70 anos

Leirado, Salvaterra, 1980

M: I 96b, L: I 185

Baixo Miño I, 2, 340

Jesusa e Benita, 68 e 74 anos

A Santa Cruz, *Grou*, Lobeira, 1980

M: I 63, L: I 186

Bande II, 1, 257

Á porta deste serán
cheir'á ruda que recende
é ia ghraciña de Dios
que polo mundo se estende

|: Á porta deste serán
ten que haber apartamento :|
|: os casados van pra fóra
os solteiros van pa dentro :|

Á porta do fiadeiro
hai unha lagarta morta
que a matou o meu mozo
cando pasou pola porta

Fun ó muíño esta noite
non moín nin moiñei
perdín a sinta do pelo
ese foi o qu'eu ghanei

Esta noite fun ó muíño
nunca ó muíño fora
a cadela de Martiño
comeum'a fariña toda
ai la...

Esta noite fun ó muíño
nunca che eu ó muíño fora
a cadela de Meriño
roeum'unha perna toda

Pilar, 70 anos

Leirado, Salvaterra, 1980

M: I 96b, L: I 187 e 189

Baixo Miño I, 2, 348 e II, 1, 154

Amalia, 65 anos

Sarreaus, Bande, 1981

M: I 72d, L: I 190

Bande IV, 2, 413

Estrela, 64 anos

Regoelle, *Olveira*, Dumbría, 1981

M: I 103b², L: I 191c

Mazaricos VIII, 1, 330

Carmelita, 52 anos

O Arroio, *Parada*, Ordes, 1980

M: I 104g⁷, L: I 193a

Ordes IX, 1, 248

Jesusa, 48 anos

A Paínza, *Numide*, Tordoia, 1979

M: I 73, L: I 193b

Ordes II, 2, 102

Fun ó muíño de baixo
dei a volta pró de riba
o de baixo ten ferrollo
o de riba carabilla

I eu fun ó muíño de baixo
ie volvín polo de riba
i o de baixo está pechado
i o de riba non s'abría

Farruco foi ó muíño
e caeu da ponte embaixo
collédell'as zocas nenas
que van polo río abaixo

Unha noite no muíño
unha noite non é nada
unha semaniña enteira
esa si que é muiñada

Unha noite no muíño *quiquiriquí*
unha noite non é nada *cacaracá*
unha semaniñ'enteira *quiquiriquí*
esa si qu'é muiñada *cacaracá*

E s'o figheche foi no muíño
e s'o figheche fighéche-lo *benhe*
e s'o figheche foi no muíño
era de noite e non vía ninguén

María, 77 anos

A Esgueva, *Roadé*, Sobrado, 1980

M: I 55, L: I 196b

Sobrado II, 1, 125

Zanajoria, 70 anos

Chaguazoso, A Mezquita, 1981

M: I 104e, L: I 197

A Mezquita II, 1, 327

Marina, 64 anos

Meira, 1980

L: I 198

Meira IV, 1, 125

Elena, 72 anos

Soutelo, *S. Xurxo*,

Ribeira de Piquín, 1980

M: I 151, L: I 199b

Meira VIII, 1, 177

Tita, 52 anos

Barrantes, Ribadumia, 1979

M: I 154b, L: I 199c

Rías Baixas I, 1, 522

Guillermana, 72 anos

Sordos, Bande, 1981

M: I 170, L: I 201a

Bande III, 2, 455

E se llo deches
foi no muíño
e foi ó son
do tarabeliño
e se llo deches
fixeches ben
porque no teu
non manda ningún

Fun ó muíño con Paula
fun ó muíño con ela
fun o muíño con Paula
fun en pas e vin en guerra

Esta noite fun á rolda
e rolei sete moíños
e enghañei sete rapazas
e encarghei sete meniños

Anduvéchest'alabando
polos muíños moendo
que había casar contigho
eso si en t'eu querendo

Este muíño non é muíño
que é a capilla dos ratos
donde se dan moitos bicos
a mailos moitos abrazos

Victorina, 56 anos

Vilar, *San Mamede*, Carnota, 1981

M: I 127a, L: I 202

Ordes VI, 1, 372

Estrela, 64 anos

Regoelle, *Olveira*, Dumbría, 1981

M: I 103b², L: I 208d

Mazaricos VIII, 1, 333

Asunción, 84 anos

Escourido, *Covas*, Viveiro, 1981

M: I 115a, L: I 210

Viveiro IV, 2, 228

Salomé, 74 anos

Maroxo, *Arzúa*, 1979

M: I 66b, L: I 214

Arzúa I, 1, 152

Jesusa, 48 anos

A Paíza, *Numide*, Tordoia, 1979

M: I 73, L: I 215b

Ordes II, 2, 117

|: Viu ó muíño do vento :|
viu a Pepa e mais Xan
e mais Frores qu'están dentro

As mozas deste serán
todas son palomas brancas
o ghalán que baile con elas
non pode vir en tamancas

Ai este serán é de ghuapos
ai non entra rapazaría
ai entr'o zapato picano
ai xente de ghrande valía

Si fora o rato ratiño
andaría polo chan
a rouba-las mazarocas
das mociñas do serán

|: As mozas deste serán
non é unha que son todas :|
ghastan tres pares de medias
pra face-las pernas ghordas

Eí vén os mozos de Beo
pola costa do Campelo
lovano de capitán
Celestrino de Marcelo

María, 91 anos
Vilar, Carnota, 1981
M: I 104n, L: I 216
Outes IX, 1, 453

Pilar, 70 anos
Leirado, Salvaterra, 1980
M: I 112, L: I 219 e 220
Baixo Miño II, 1, 22

Avelina, 85 anos
Rosende, *Tameiga*, Mos, 1981
M: I 115c, L: I 222
Rías Baixas V, 1, 307

Pilar, 70 anos
Leirado, Salvaterra, 1980
M: I 96b, L: I 223
Baixo Miño I, 2, 520

Asunción, 75 anos
Asalo, *Santiago de Mens*,
Malpica, 1980
M: I 54, L: IV 553
Ponteceso III, 1, 286

O paxaro cando bebe
mete o pescozo no mare
alegría rapaciñas
que veñen os de Xermade

Aí veñen os de Parada
sacudindo o pantalón *he*
parece que traíen dentr'
un saquete de abellónse

Ind'han de vir aquí hoxe
Rabaceiras e Quintela
Sangrexán e mais Leboso
i a Ghraña de Cabanela

Os mociños de Cador
védelos acolá vén
veñen ó fiadeiro
noite si noite tamén

[: Veño do Aghro d'Escacho :]
voulle faser fouliada
ás mosas do Reghoracho

Fun ó serán a Leirado
dei volta por Tortoreios
se non foran os cariños
non se daban os paseios

Delfina e Rosa, 68 e 64 anos
A Vila da Igrexa, Cerceda, 1980
M: I 164, L: IV 554
Ordes V, 1, 345

Jesusa, 48 anos
A Paínza, *Numide*, Tordoia, 1979
M: I 73, L: IV 557
Ordes II, 1, 78

Filomena, 84 anos
Forcarei, 1982
M: IV 30, L: IV 562
Forcarei I, 2, 230

Felisa, 49 anos
Pereira, *Corveille*, Bande, 1981
L: IV 565
Bande IV, 2, 178

María, 93 anos
Vilar, Carnota, 1981
M: I 104n, L: IV 567
Outes IX, 1, 356

Pilar e Regina, 70 e 65 anos
Leirado, Salvaterra, 1980
M: I 96b, L: IV 569a
Baixo Miño I, 2, 332

Hai unha festa'n Vilar
era nun cuberto vello
toc'ó Picholo de Piso
qu'é o fillo do Martelo

|: A fuliada vai boa :|
|: as ferriñas son de Cádez :|
o pandeir'é de Lisboa

Á entrada de San Esteban
hay una piedra redonda
donde se sentan os mozos
cuando veñen de a ronda

|: É a unha da mañán :|
fumos nunha mandadiña
ó muíño de Durán*he*

Ghústame ghústame vir á Barca
pr'oír toca-los ghaiteiros
tamén me ghusta moi ben
os vellos fuliadeiros

Nosa Señora da Barca
eu ben a vin embarcare
con ferriñas e pandeiros
alá na beira do mare

Pura, 40 anos

A Casiña, *Arcos de Furcos*, Cuntis, 1979

M: IV 69a, L: IV 570

A Estrada III, 2, 245

Delfina e Elisa, 53 e 67 anos

Añobres, *Moraime*, Muxía, 1984

L: IV 575

Muxía V, 1, 313

Pepita, 58 anos

A Cruz, *Santo Estevo*,

Nogueira de Ramuín, 1985

M: I 111e, L: IV 598b

Castro Caldelas V, 1, 200

María, 91 anos

Vilar, Carnota, 1981

M: I 104n, L: IV 599 bis

Outes IX, 1, 475

Esperanza, 88 anos

Lourido, *Moraime*, Muxía, 1979

M: IV 21, L: IV 955

Muxía IV, 2, 60

M.^a do Carme, 75 anos

Morantes, Santiago de Compostela, 1981

M: I 87, L: IV 957

Santiago I, 1, 216

Se te preghuntan quen canta
responde con alegrÍA
|: son as rapazas da Vila
que veñen da romaría :|

|: Túa nai e maila miña
van xuntas na romería :|
|: a túa viña borracha
a miña xa non se tiña :|

Miña nai e maila túa
van xuntas á romaría
a miña viña borracha
a túa xa non se tiña

Miña nai e maila túa
van xuntar no San Xoán
i a túa com'É lapona
levoull'a chave do pan

Miña nai e maila túa
van xuntas na remaría
|: a túa com'É lapona
comeull'a merend'á miña :|

Delfina e Rosa, 68 e 64 anos
A Vila da Igrexa, Cerceda, 1980
M: I 104w, L: IV 958
Ordes V, 1, 154

María, 75 anos
A Illa de Arousa*, 1979
M: IV 69b, L: IV 960a
Rías Baixas I, 2, 520

Carme e Anuncia, 53 e 63 anos
Ferreiras, *Noceda*, As Nogais, 1980
M: I 56, L: IV 960b
Courel XVI, 2, 100

Basilisa, 78 anos
Trarigo, *Carpazás*, Bande, 1983
M: I Ap.44 bis, L: IV 961 e IV 962a
Bande VII, 2, 218

* No *CPG*, figura *A Illa de Arousa* como parroquia do concello de Vilanova de Arousa.

Miña nai e maila túa
foron a Santa Lucía
a túa é unha lapona
comeull'a merend'á miña

Guillermina, 72 anos
Sordos, Bande, 1981
M: I 75, L: IV 962b
Bande III, 1, 317

AGORA NON CANTO MÁIS

Por que non cantades todas
unhas porque teñen gharbo
outras porque son señoras

Voume por aquí arriba
cantando como se usa
quen ten rabia que a roia
quen ten catarro que tusa

Eu aquí non canto máis
que se m'acabou a ghracia
a pouquiña que me queda
lévoa prá miña casa

Ahora non canto máis
que se m'acabou a gracia
aquela pouca que tiña
deixeina quedar na casa

Hox'aquí non canto máise
hox'aquí non canto outra
i os señores que me ioian
d'hoxe un ano m'oian outra

Virtudes, 64 anos

A Casiña, *Arcos de Furcos*, Cuntis, 1980

M: VI 79i, L: VI 145

A Estrada V, 1, 340

Asunción, 75 anos

Asalo, *Santiago de Mens*, Mapica, 1980

M: I 54, L: VI 144

Ponteceso III, 1, 265

Estrela, 64 anos

Regoelle, *Olveira*, Dumbría, 1979

M: IV 91b e I 104z, L: VI 145c

Mazaricos II, 1, 212

Inés, 62 anos

San Paio, *Piñeiro*, Maside, 1979

M: VI 155, L: VI 145e

Carballiño, II, 1, 461

Mercedes, 58 anos

O Porto do Asno*, *Codesoso*,

Sobrado, 1980

L: VI 147

Sobrado V, 1, 71

* No CPG, O Porto do Asno figura como lugar da parroquia de *Roade*, no concello de Sobrado.

Ya no puedo cantar más
qu'está mi amor ausente
|: y con los ojar me dice
qu'estou rouca que non cante :|

Basilisa, 78 anos
Trarigo, *Carpazás*, Bande, 1983
M: I 72, L: VI 148
Bande VII, 1, 453

**DÉIXAME DURMIR UN SONO
(O DESEXO)**

María Manuela
corpo de cereixa
dormirei contigo
se teu pai me deixa
se teu pai me deixa
se teu pai me deixa
María Manuela
corpo de cereixa

*Ai non quero comer sin darche
nin beber sin darche a ti
non durmir sono na cama
se non é cabo de ti*

Manolo das Casas Novas
fix'unha casa no monte
Manolo das Casas Novas
dáme pousada esta noite

Déixame déixam'andare
déixame aparta-la rama
déixame dormir un sono
solteira na túa cama

Jesusa, 48 anos
A Paínza, *Numide*, Tordoia, 1979
M: IV 148, L: VI 1131
Ordes II, 2, 55

Generosa, 40 anos
Leduzo*, *Cerqueda*, Malpica, 1980
M: I 104gg, L: VI 1134
Ponteceso VI, 1, 438

Estrela, 77 anos
Seaia, Malpica, 1985
L: VI 1137
Ponteceso VIII, 1, 22

Concepción, 52 anos
Queis, *San Cruz de Montaos*,
Ordes, 1979
M: I 58b, L: VI 1138b
Ordes I, 1, 435

* No *CPG*, Leduzo figura como lugar da parroquia de *Pazos*, no concello de Ponteceso.

[...] iña
deixa queda-la roseira
durme comigo unha noite
sera-la miña compañeira

Ludovina, 68 anos
Silvadrosa, *Piñeira*, A Fonsagrada, 1980
M: IV 83b, L: VI 1159
Meira XIV, 2, 425

|: Heite d'amar se non morro :|
|: na túa camiña nova
déixame durmir un sono :|

Mercedes, 79 anos
Callobre, A Estrada, 1979
M: VI 105b, L: VI 1140
A Estrada I, 2, 412

Vou durmir que teño sueño
préstame niña tu cama
aunque solo durma nela
el sueño de la mañana

Carmelita, 52 anos
O Arroio, *Parada*, Ordes, 1980
L: VI 1141
Ordes IX, 1, 440

|: Queridiña vela vela :|
|: faim'a cama queridiña
que me quero deitar nela :|

Virtudes, 65 anos
A Casiña, *Arcos de Furcos*, Cuntis, 1979
L: VI 1142
A Estrada II, 1, 142

|: Dices que non teño cama :|
ai que durmo no chan varrido
ai teñ'unha cama de flores
durm'unha rosa comigho

Pilar, 70 anos
Leirado, Salvaterra
M: I 112, L: VI 1151
Baixo Miño II, 1, 46

A ruada vai a *ieito*
ela non é de perdere
se non te-la cama feita
rapaza vaina facere

Delfina e Rosa, 68 e 64 anos
A Vila da Igrexa, Cerceda
M: I 104w, L: VI 1152
Ordes V, 1, 406

|: Se quére-la *iaughardente*
vente pola ventaniña :|
inda non saquei a cama
do sitio de donde a tiña

Si tú quieres y yo quiero
nadie ha-lo de privar
de face-la cama juntos
para mañán madrughar

Se ti queres e eu quero
quen nolo ha de *privare*
de face-la cama xuntos
pa de noite *descansare*

Generosa, 40 anos

Leduzo*, *Cerqueda*, Malpica, 1980

M: VI 85b, L: VI 1153

Ponteceso VI, 1, 66

Anuncia, 30 anos

O Porto do Asno**, *Codesoso*,

Sobrado, 1980

M: V 26 bis, L: VI 1155a

Sobrado IV, 2, 463

Carme, 84 anos

A Esgueva, *Roade*, Sobrado, 1980

L: VI 1155b

Sobrado I, 2, 10

* No *CPG*, Leduzo figura como lugar da parroquia de *Pazos*, no concello de Ponteceso.

** No *CPG*, O Porto do Asno figura como lugar da parroquia de *Roade*, no concello de Sobrado.

ESTA VAI POR DESPEDIDA

|: Vouche da-la despedida
como Dios nos dou en Roma :|
se nos volvemos a ver
mala centella te coma

Te voy dar la despedida
como dan los labradores
con el pañuelo en la mano
adiós ramiño de flores

Eí che vai o desafío
o que deu o galo á pita
[xa] non me quero despedir
desa cara tan bonita

Esta vai por despedida
esta vai por derradeira
acabous'o chiculture
rompeu a chicultureira

|: Esta vai por despedida
esta vai por derradeira :|
acabei o chocolate
rompiu a chocolateira

Te voy dar la despedida
no te la quisiera dare
|: que se marchan mis amores
no me quieren aguardare :|

Elvira, 60 anos
Olas, Mesía, 1979
L: VI 161
Ordes III, 2, 263

Generosa, 80 anos
Vilanova, Tortoreos, As Neves, 1980
M: I 120, L: VI 164
Baixo Miño I, 1, 205

Antonia, 75 anos
Fondo de Vila, Parada de Sil, 1980
L: VI 166a
Castro Caldelas V, 2, 285

Presentación, 78 anos
Sabrexo, Vila de Cruces, 1980
M: I 74a, L: VI 168a
As Cruces I, 1, 412

Virtudes, 63 anos
A Casiña, Arcos de Furcos,
Cuntis, 1979
M: VI 30a e 79i, L: VI 168b
A Estrada V, 1, 368

Mercedes, 79 anos
Callobre, A Estrada, 1979
M: VI 82a, L: VI 169a
A Estrada I, 2, 570

Te voy dar la despedida
la despedida te voy dar
que se van estas señoras
|: no nos queren aghüerdare :|

La despedida te doye
no te la quisiera dare
que se van mis camaradas
no me quieren iaghuardare

[Voy a dar la despedida]
ahora la voy a dar
al rematar esta copla
voy a parar de cantar

|: A todos en general :|
porque nunca me ha gustado
con ninguno quedar mal
ai la la...

Esta va por despedida
que me la mandó echar
una compañera mía
ai la...

Acaba e iacobemos
que nos din estes señores
que xa ios aborrecemos

Estrela, 64 anos
Regoelle, *Olveira*, Dumbría, 1980
M: I 68b, L: VI 169b
Mazaricos VIII, 2, 425

Avelina, 85 anos
Rosende, *Tameiga*, Mos, 1981
M: I 115c, L: VI 169d
Rías Baixas V, 1, 453

Benita, 71 anos
Pedrafigueira, *Santa Comba*,
Carnota, 1981
M: I 68, L: VI 172
Outes VIII, 2, 360

**Victorina, Manuela e Dominga,
56, 49 e 50 anos**
Vilar, *San Mamede*, Carnota, 1981
M: I 91, L: VI 173b
Outes VI, 2, 366

Estrela, 64 anos
Regoelle, *Olveira*, Dumbría, 1979
M: I 91b e I 104z², L: VI 174
Mazaricos II, 1, 325

Delfina e Elisa, 48 e 52 anos
Añobres, *Moraime*, Muxía, 1979
L: VI 176
Muxía III, 1, 386

Esta vai por despedida
hox'aquí non canto outra
os señores que ma ioien
d'hoxe nun ano oian outra

A despedida vou dar
dixen todo o que sabía
|: i agora vou traballar :|

Presentación, 78 anos
Sabrexo, Vila de Cruces, 1980
M: I 74a, L: VI 179b
As Cruces I, 1, 415

María, 36 anos
A Picota, Mazaricos, 1979
M: I 68c, L: VI 185
Mazaricos V, 1, 411

FICHA TÉCNICA

Edición / Coordinación

Beatriz Busto Miramontes

Autoría do estudo introdutorio, selección de contidos e musical, selección do corpus poético, transcripción e revisión das letras

© Beatriz Busto Miramontes

Autoría das ilustracións

© Xoana Almar e Miguel Peralta, *Cestola na Cachola*

Gravacións orixinais

Todas estas gravacións musicais publícanse grazas á cortesía das persoas e institucións que aquí se mencionan.

- Colección Dorothé Schubarth-Antón Santamarina, Consello da Cultura Galega, Arquivo Sonoro de Galicia: as de Estrela do Marmito, Josefa de Mongarillo e Dolfina de Añobres.
- Servizo de Documentación e Arquivo CRTVG: as de Rosa de Moscoso, Josefa de Bastavales, Felicia de Fofe e Inés de Naipes.
- Arquivo Polafía da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega: a das Pandeireteiras da Alén (Osoria Gil Ramos, Alsira Gil Ramos e Ólida Diz Ramos).
- Arquivo persoal de Luís Prego: a de Áurea de Laxoso e veciñas.
- Arquivo persoal de Leni Pérez: a de Concha do Canizo.
- Arquivo persoal de Xerardo F. Santomé: a de Concha de Luneda.
- Arquivo persoal de Xosé Lois Foxo: a de Ilda Álvarez Macía.

Ilustracións

As ilustracións de *Cestola na Cachola* inspíranse en fotografías que foron tomadas por estas persoas ou que se corresponden con imaxes dos arquivos das seguintes institucións, cedidas cortesmente para esta publicación.

- Colección Dorothé Schubarth-Antón Santamarina, cortesía do Arquivo do Patrimonio Oral da Identidade (APOI) - Museo do Pobo Galego: as de Estrela do Marmito e Dolfina de Añobres.

- Servizo de Documentación e Arquivo CRTVG: as de Rosa de Moscoso, Áurea de Laxoso, Josefa de Bastavales, Concha de Luneda e Felicia de Fofe.
- Arquivo Polafía da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega: a das Pandeireteiras da Alén (Osoria Gil Ramos, Alsira Gil Ramos e Ólida Diz Ramos).
- Arredor da Tradición: as de Concha do Canizo (tamén cortesía de aCentral Folque), Josefa de Mongarillo e Inés de Naipes.
- Disco de Ilda Álvarez Macía / Xosé Lois Foxo (comp.) (2009): a de Ilda Álvarez Macía.

Restauración dixital e masterización

Arquivo Sonoro de Galicia (CCG)

Agradecementos

Aos compañeiros e amigos: Xabier Mera, Sergio de la Ossa, Xulia Feixoo, Antón Santamarina, Ramom Pinheiro Almuinha, Guillerme Inácio, Leni Pérez, Luís Prego, Xerardo F. Santomé, Xosé Lois Foxo, Pablo Pascual, Xabier Díaz, Domingo Blanco e Isabel Vigo.

A aCentral Folque, APOI - Museo do Pobo Galego, Arquivo Sonoro de Galicia do Consello da Cultura Galega, Arredor da Tradición, Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, Concello de Dumbría e CRTVG.



SUMARIO

5

LIMIAR

POR ROSARIO ÁLVAREZ

13

ESTUDO

FILLOS DA CANTARUXEIRA

APUNTAMENTOS ARREDOR DA MÚSICA E POESÍA POPULARES

POR BEATRIZ BUSTO MIRAMONTES

49

AGORA VOU CANTAR EU

57

VOU TOCA-LA PANDEIRETA

63

ESTE PANDEIRO QUE TOCO

69

AQUELA QUE ANDA NO BAILE

79

SEI CANTAR, TOCAR, BAILAR

87

ESTA FOLIADIÑA D'HOXE

103

AGORA NON CANTO MÁIS

107

DÉIXAME DURMIR UN SONO

113

ESTA VAI POR DESPEDIDA

119

FICHA TÉCNICA

ESTE LIBRO REMATOUSE DE IMPRIMIR NO ANO 2025,
CANDO SE CUMPRE O 30.º ANIVERSARIO
DA PUBLICACIÓN DO DERRADEIRO
VOLUME DO
CANCIONEIRO POPULAR GALEGO
(1995-2025)





ROSA DE MOSCOSO

ROSA GARRIDO CASQUEIRO

(1936-2022)

Moscoso, Pazos de Borbén, Pontevedra

Retrato inspirado nas imaxes do programa *Alalá 5* (CRTVG).

Data de emisión: 2016, 14 de marzo.

Realizado por Miguel Peralta e Xoana Almar.



ROSA DE MOSCOSO

ROSA GARRIDO CASQUEIRO

(1936-2022)

Moscoso, Pazos de Borbén, Pontevedra¹

Jota²

Se pasares polo adro
o día do meu enterro
dill'á terra que non coma
|: a trenza do meu cabelo :|

ai la la la la la la la

ai la la la la la

ai la la la la la la la la la la



1. Os lugares que se corresponden a cada cantareira son aqueles onde desenvolveron a meirande parte das súas vidas. Varias delas casaron noutros lugares (polo xeral próximos ao seu lugar de nacemento) e nalgúns casos, como no de Concha de Luneda, o repertorio aprendido ten maior relación co lugar da infancia que co da vida adulta.

2. Rosa cantando para o programa *Alalá 5* (CRTVG). Data de emisión: 2016, 14 de marzo.



ESTRELA DO MARMITO

ESTRELA GARCÍA CAAMAÑO

(1917-2001)

Regoelle, Olveira, Dumbría, A Coruña

Retrato inspirado nunha fotografía da colección
Schubarth-Santamarina, depositada por Dorothé Schubarth
no APOI (cortesía do Instituto de Estudos das
Identidades do Museo do Pobo Galego).
Realizado por Miguel Peralta e Xoana Almar.



ESTRELA DO MARMITO

ESTRELA GARCÍA CAAMAÑO

(1917-2001)

Regoelle, Olveira, Dumbría, A Coruña

Muiñeira³

[No lugar de] Ragüelle
ha unha pedra marela
donde se sentan os mosos
cando van ver Manuela
ai la ra la la la la
ai la ra la la la la la

As mosiñas de Ragüelle
cando van para la misa
deixan o lume cheghado
coa faldrá da camisa
ai la ra la la la la
ai la ra la la la la la

No lugar de Ragoelle
ihá unha pedra d'asento
donde se sentan os mosos
cando van ó casamento
ai la ra la la la la
ai la ra la la la la la

Entro pola sancristía
salgo polo campanario
pra lle da-los buenos días
a la Virghen del Rosario



3. Estrela foi unha informante destacada de Dorothé Schubarth e Antón Santamarina (1984-1995). Esta muiñeira pode atoparse no cancionero seguindo as seguintes referencias:

Tomo IV: Melodía 44e, Letras 418, 520a, 541b, 958. Localización da cinta: Mazaricos III, 1, 441.



CONCHA DO CANIZO

CONCEPCIÓN LUÍS SEOANE

(1920-2015)

O Canizo, A Gudiña, Ourense

Retrato inspirado nunha fotografía cedida por Arredor da
Tradición e publicada en Feixoo (2021).
Realizado por Miguel Peralta e Xoana Almar.



CONCHA DO CANIZO

CONCEPCIÓN LUÍS SEOANE

(1920-2015)

O Canizo, A Gudiña, Ourense

Cantar de sega⁴

E aunque vimos da seitura
ai aunque vimos das segadas
*ia*unque vimos da seitura
ai aínda non vimos cansadas

Na porta do noso amo
ai hai un ramiño de oliva
viva viva o noso amo
ai ie tamén a súa cuadrilla

Gracias a Dios que llegamos
ay al portal de la hemosura
donde se recrea el sol
ay las estrellas [y la luna]



4. Cantar de sega recollido na pista 46 do disco que acompaña a publicación de Xulía Feixoo (2021). Esta gravación, incluída no disco, foi realizada no ano 2004 pola compiladora Leni Pérez.



DOLFINA DE AÑOBRES

DELFINA TRILLO VILELA

(1916-2018)

Añobres, Moraimo, Muxía, A Coruña

Retrato inspirado nunha fotografía da colección
Schubarth-Santamarina, depositada por Dorothé Schubarth
no APOI (cortesía do Instituto de Estudos das
Identidades do Museo do Pobo Galego).
Realizado por Miguel Peralta e Xoana Almar.



DOLFINA DE AÑOBRES

DELFINA TRILLO VILELA

(1916-2018)

Añobres, Moraime, Muxía, A Coruña

Romance de Xan Guindán⁵

[Xan Ghindán] quiso casare
non tiña muller buscada
fuille face-lo amore
á filla da tía Juana

«Boas noites tía Juana
en donde vai a rapaza»
«vai busca-lo ghas prá nuite
xa me parece que tarda»

E neste entrou a nena
pola porta para dentro
«boas noites Xan Ghindán^{he}
tráioche no pensamento»

«Pro ti dirasmo de risa
pro eu díghocho de veras
haich'un pouquiño que vin^{he}
tounche quentand'as canelas»

«E logho tes muito frío
nunca Dios che m'a min dera
poda que queiras casare
aghora prá primavera»

«E logho a ti quen cho dixo
seica fui Noso Signore
eu queríame casare
veño a facerch'o amore»

«Eu tamén che me casaba
pero pro vouncho a contare
quería facer un saio
ténoch'a lan por fiare»

«Os sapatos todos rotos
o pano todo furado
se tes cartos compra uns^{he}
casaremos decontado»

5. Informante de Dorothé Schubarth e Antón Santamarina (1984-1995). Este romance pode atoparse no cancionero seguindo as seguintes referencias: Tomo IV: Melodía 161, Letra 12e. Localización da cinta: Muxía III, 2, 71.

«Teño tres crabas moi boas
unha ovella preñada
unha ghalíña que pon*he*
os ovos apastorrados»

«Xa sabes que son solíño
non teño con quen partire
a riqueza non é muita
per'habemos de vivire»

«Se mo ques dimo mosiña
non téíah fasend'a burla»

Fixéronll'as menisión*she*
como se acostumbra
fóronllah levar ó cura
que llah lese decontado

O cura tamén llas leue
no ofretorio da misa
a xente que as oíron
fartan'o corpo de risas

O padriñ'e ía madriña
o cura e o sancristán*he*
fartan'o corpo de risas
co conto de Xan Ghindán*he*

Do tod'o que se pasaba
el inda nada sabía
cheghou o día da voda
dixo que non o quería

Eu non sein o que lle pasa
íah rapazas desta terra
tírans'os homes a elas
no tempo de primavera

Alerte nenas alerte
non caiades na rateira
non vos fiedes nos homes
en cant'estades solteiras





ÁUREA DE LAXOSO

ÁUREA ADÁN MOSQUERA

(1937-2018)

Laxoso, Ponte Caldelas, Pontevedra

Retrato inspirado en imaxes do programa *Luar* (CRTVG).
Realizado por Miguel Peralta e Xoana Almar.



ÁUREA DE LAXOSO

ÁUREA ADÁN MOSQUERA

(1937-2018)

Laxoso, Ponte Caldelas, Pontevedra

Jota⁶

[...]
*non quero baillar
non quero que me póña-
-la man na saia
a man na saia
que sou casada
e se fora solteira
tanto me daba*

Se non fora por quen baila
por quen anda a bailar
se non fora por quen baila
non l'había de tocar

*Ó portal de meu soghro
acirráronme o can
e aí vén miña soghra
coa tranca na man*

*coa tranca na man
i o zapato no pé
ela chísca'm'o ollo
eu non sei por que é*

Porque nos levamos ben
anda o mundo alborotado
habémonos de levar
aunque nos custe traballo

*Eu non quero non quero
non quero baillar
non quero que me póña-
-la man na saia
a man na saia
que sou casada
e se fora solteira
tanto me daba*

6. Xota recollida a Áurea e veciñas por Luís Prego en Laxoso no ano 1998. Cantan: Pilar, Cristina, Delia, Áurea, Mercedes e Maruja.

Axúdame compañeira
compañeiriña leal
axúdame compañeira
non me deixes quedar mal

*Ó portal de meu soghro
acirráronme o can...*

Este pandeiro que toco
non é meu que é de María
que llo pedín emprestado
para ir á romería

*Eu non quero non quero
non quero baillar...*

La despedida te doy
la despedida y no puedo
al despedirme de ti
al despedirme me muero

*Ó portal de meu soghro
acirráronme o can
e aí vén miña soghra
coa tranca na man
coa tranca na man
i o zapato no pé
ela chiscam'o ollo
eu non se por que é*





JOSEFA DE BASTAVALES

JOSEFA JUNCAL BARREIRO

(1932-2024)

Bemil, Bastavales, Brión, A Coruña

Retrato inspirado nas imaxes do programa *Alalá 49* (CRTVG).

Data de emisión: 2007, 1 de maio.

Realizado por Miguel Peralta e Xoana Almar.



JOSEFA DE BASTAVALES

JOSEFA JUNCAL BARREIRO

(1932-2024)

Bemil, Bastavales, Brión, A Coruña

Copla⁷

No adro de Bastavales
hai unha silva que prende
|: un uliveiro precioso
un caravel que arresende :|



7. Copla cantaruxeada e que se escoita nunha escena do programa *Alalá* 49 (CRTVG) na que Josefa camiña por Bemil. Data de emisión: 2007, 1 de maio.



JOSEFA DE MONGARILLO

JOSEFA PÉREZ CANCIO

(1931-)

San Martín de Suarna, A Fonsagrada, Lugo

Retrato inspirado nunha fotografía cedida por
Arredor da Tradición.
Realizado por Miguel Peralta e Xoana Almar.



JOSEFA DE MONGARILLO

JOSEFA PÉREZ CANCIO

(1931-)

San Martín de Suarna, A Fonsagrada, Lugo

Romance de Dona Silvana⁸

- | | |
|---|--|
| 1. Todas as nenas do barrio
i eu por se-la máis bonita | tan casadas tein familia
<i>yo soy lindo</i>
salí la más afligida |
| 2. Que ch'hei facer miña filla
non se-lo conde do barrio | pra ti non hai compañía
<i>yo soy lindo</i>
ta casado e ten familia |
| 3. Mande llamarlo <i>ay</i> mi padre
que veñ'acá decontado | da súa part'e da miña
<i>yo soy lindo</i>
otro remedio no tendría |
| 4. Llegó el conde a palacio
qué quiere su majestad
que máte-la túa muller | sin saber a lo que iba
<i>yo soy lindo</i>
qué quiere su señoría
<i>yo soy lindo</i>
e que cases coa mía filla |

8. Informante de Dorothé Schubarth e Antón Santamarina (1984-1995). Este romance pode atoparse no cancionero seguindo as seguintes referencias: Tomo III: Melodía 28, Letra 50g. Localización da cinta: Fonsagrada III, 2, 400.

5. Llegó el conde a su casa
mándam' o rei que te mate

más triste que se había ido
yo soy lindo
pra que case ca súa filla

6. Mama meu nenño mama
que mañana destas horas

esta leche de *iamargura*
yo soy lindo
verasme na sepultura





FELICIA DE FOFE
FELICIDAD INSUELA CASTRO
(1929-2016)
Fofe, Covelo, Pontevedra

Retrato inspirado nas imaxes do programa *Alalá 164* (CRTVG).
Data de emisión: 2010, 30 de novembro.
Realizado por Miguel Peralta e Xoana Almar.



FELICIA DE FOFE
FELICIDAD INSUELA CASTRO
(1929-2016)
Fofe, Covelo, Pontevedra

Jota⁹

Eu cantar cantaba ben*he*
a garganta non m'axuda
heina de mandar untare
|: cunha laranxa madura :|
ai a la la ai la la la

Tamén toco a cabaza
tamén toc'a pandereta
tamén toco cos dedales
|: que me reghalou a neta :|
ai a la la ai la la la

|: Solteira, vida reale :|
quen desta vida me quite
'star en pecado mortale

Eu amar ben te amaba
si tu foras para min*he*
pero amarte para outro
son penas que non ten fin*he*

Ahora que si
ahora que é
a horiña completa de tomar café
de tomar café
de tomar café
ahora que si
ahora que é



9. Felicia cantando para o *Atalá* 164 (CRTVG) acompañándose ritmicamente da percusión que ela mesma executa sobre unha cabaza baleirada que funciona a modo de idiófono golpeado cuns dedais de costura que leva nos dedos (e aos que fai alusión na segunda copla que se recolle). Na parte superior da cabaza coloca unha cuncha de vieira en posición convexa que risca coa man dereita. Data de emisión: 2010, 30 de novembro.



PANDEIRETEIRAS DA ALÉN

OROSIA E ALSIRA GIL RAMOS E ÓLIDA DIZ RAMOS

(1922-2022) // (1920-2018) // (1926-)

Alén, Xirazga, Beariz, Ourense

**Retrato inspirado nunha fotografía cedida por
Arredor da Tradición.
Realizado por Miguel Peralta e Xoana Almar.**



PANDEIRETEIRAS DA ALÉN
OROSIA E ALSIRA GIL RAMOS E ÓLIDA DIZ RAMOS
(1922-2022) // (1920-2018) // (1926-)
Alén, Xirazga, Beariz, Ourense

Muiñeira¹⁰

Esta muiñeira nova
esta nova muiñeira
esta muiñeira nova
tróughena eu da ribeira

|: *ai la la la la la la*
ai la la la la la la la :|

|: Non che podo que estou rouca :|
que che durmín no muíño
esta noite a maila outra


|: *ai la la la la la la*
ai la la la la la la la :|

Fun ó muíño de baixo
e volvín polo de riba
o de baixo ten ferrollo
e o de riba caravilla

|: *ai la la la la la la*
ai la la la la la la la :|



10. Muiñeira recollida a Orosia e Alsira Gil Ramos e Ólida Diz Ramos (01/10/2011) no local veciñal de Doade, transcrita por Poldo Cañizo Durán e documentada en Pandeireteiras da Alén, na Sección de Literatura de Tradición Oral da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega. Pódese consultar en: <https://www.aelg.gal/Polafias/ShowVideoPolafia.do?id=484>



CONCHA DE LUNEDA
CONCEPCIÓN RODRÍGUEZ ÁLVAREZ
(1929-2019)
Luneda, A Cañiza, Pontevedra

Retrato inspirado nas imaxes do programa *Alalá 14* (CRTVG).

Data de emisión: 2006, 16 de maio.

Realizado por Miguel Peralta e Xoana Almar.



CONCHA DE LUNEDA
CONCEPCIÓN RODRÍGUEZ ÁLVAREZ
(1929-2019)
Luneda, A Cañiza, Pontevedra

Canto de romeiros¹¹

Virgen da Franqueira
da casa saímos
cumpli-la promesa
tanto che pedimos

Virgen da Franqueira
estrella brillante
quen lle dech'a vida
a quen levo diante

Virgen da Franqueira
estrella do norte
quen lle dech'a vida
a quen'stuvo á morte



11. Canto de romeiros interpretado por Concha nunha gravación feita por Xerardo Fernández Santomé e emitida pola Radio Galega no *Recuncho da palleta* no programa «Concha de Luneda. A vida nunha cantiga» (2024, 4 de febreiro).



ILDA ÁLVAREZ MACÍA
(1936-2015)
Ferreiros, Folgoso do Courel, Lugo

Retrato inspirado nunha fotografía publicada no disco *Cantares da Serra do Courel* (2009), editado por Sons Galiza.
Realizado por Miguel Peralta e Xoana Almar.



ILDA ÁLVAREZ MACÍA

(1936-2015)

Ferreiros, Folgoso do Courel, Lugo

Rosiña do Estanqueiro (canto narrativo)¹²

Ia Rosiña do Estanqueiro
era unha gran costureira
i un día estaba cosendo
no cuartiño da palleira

«Arrenégote demoño»
dixo Rosa asustadiña
«siempre m’andas pondo medo
mala sarna te presiga»

Enselmo de Vilanova
era un novio que ela tiña
siempre estaba tras das reixas
observando o que facía

«Xa te me pois colorada
mui vergonzosa parecec
pois non t’apures muller
qu’inda chas hei ver máir veces»

Un día foi a facer
unha braga i un sostén
cuando a foi a probar
todo lle estaba moi ben

A rapaza era pobre
non lla querían na casa
desde que lle viu as pernas
cambiou de parecer

Enselmo ó ver tal cousa
xa non se tiña de pés
dixoll’Enselmo a Rosiña
«que pernas tan blancas tes!»

«Que dote nin que centellas!
o que vale é ter mullere»

12. Ilda, unha cantante moi destacada, foi gravada por Xosé Lois Foxo, quen compilou nun disco 22 cantigas interpretadas por ela (Álvarez Macía / Foxo 2009). O disco pode escoitarse na canle aberta de YouTube, así como na plataforma Spotify.

O día 13 de agosto
na capilla do anexo
por si quedou Anselmo
entrou solto e saliu preso

Díxolle o cura a Anselmo:
«tu xa levas quen che quente
as canelas nu inverno»

«Levo señor cura levo
bon traballo me costou
dormir solo no inverno
éle pa morrer de frío»

Díxolle a Rosiña ó cura
«i as súas quent'a criada»

Tuveron unha gran voda
ó'stilo daquela aldea
chamaron muitos parentes
i un gaiterito pa tocar

Porqu'os casados de pouco
tiñan ganas de bailar

Bailaron a muliñeira
fóronse con día á cama
se Enselmo facía ben
Rosa aínda lle ganaba

I alá por a media noite
Enselmo quedou durmido
díxolle a Rosiña a Anselmo
«despértate meu marido»

«Tantas ganas como tiñas
xa cansáchesme danzante
cuando aghora fais así
que farás aí máis adiante»





NON HABIA PARA
ENCENDER O LUME
POR SO NUNCA SE
APAGABA

INÉS DE NAIPES

INÉS RODRÍGUEZ LÓPEZ

(1935-)

Piornedo, Donís, Cervantes, Lugo

**Retrato inspirado nunha fotografía cedida por
Arredor da Tradición.
Realizado por Miguel Peralta e Xoana Almar.**



INÉS DE NAIPES

INÉS RODRÍGUEZ LÓPEZ

(1935-)

Piornedo, Donís, Cervantes, Lugo

Muiñeira

|: O meu home foi de troula
ie volveu cheo de fariña :|
|: el moíñeiro non é
eu non sei a quen se arrima :|

|: O muíño troula troula
ía auga faino troulare :|
a ladra da muiñeira
rabea por se casare¹⁵



15. A derradeira cantiga que canta Inés para o *Alalá* 40 (CRTVG). Data de emisión: 2007, 20 de febreiro.